

plan xeral anual curso 2017-2018



Ceip Condasa de fenosa

32015116

O barco de Valdeorras

Ourense

Índice

Datos xerais do centro	1
Obxectivos xerais	3
Plan do equipo directivo	5
Programación dos distintos ciclos e equipo	8
4.1.- Ciclo de Ensino Infantil	8
4.2. Primeiro Ciclo de Ensino Primario	11
4.3. Segundo Ciclo de Ensino Primario	14
4.4.Terceiro Ciclo de Ensino Primario	16
4.5.Equipo de Normalización e Dinamización Lingüística	18
4.6.Departamento de Orientación	21
4.7.Equipo de Apoio á Biblioteca	22
4.8.Comisión Ambiental	28
4.9 Grupo TIC	29
4.10Plurilingüismo	31
Organización do centro	33
Organización de recursos	38
Programación anual de actividades complementarias e extraescolares	40
Plan para a realización do transporte escolar e o regulamento da organización do servizo de comedor escolar	42
Presuposto anual do centro	44
Anexos	
Listaxe libros de texto Plan Comedor Escolar Plan Anual de Atención á Diversidade Concreción Anual Departamento Orientación	

1.- Datos xerais do centro

Denominación: C.E.I.P. Condasa de Fenosa
 Titularidade: Público
 Nº código de centro: 32015116
 Municipio (Localidade): O Barco de Valdeorras
 CP: 32300
 Tfno: 988 321 060
 Fax: 988 325 969
 Enderezo: Rúa Coruña, 24
 Provincia: Ourense
 Enderezo electrónico: ceip.condasa.fenosa@edu.xunta.es
 Páxina Web: <http://www.edu.xunta.gal/centros/ceipcondesafenosa>

<i>Nivel ou Especialidade</i>	<i>Curso actual</i>	<i>Persoal definitivo</i>	<i>Profesorado non definitivo a tempo completo</i>	<i>Profesorado compartido</i>
Educación infantil	8	7	1	0
Ensino primario	10	7	3	0
Pedagogía Terapéutica	5	1	4	0
Audición e Linguaxe	2	1	1	0
Música	1	1	0	0
Inglés	2	2	0	0
Francés	1	1	0	0
Educación Física	2	1	1	0
Relixión	1	0	1	0
Orientación	1	1	0	0
Auxiliar de Conversa	1	0	0	1
TOTAL	35	22	11	1

Nº total alumnos

Nº alumnos ensino infantil	111
Nº alumnos ensino primario	248

O noso centro ten xornada partida, realizándose dous horarios, un a comezos e finais de curso (setembro e xuño) en horario continuado, e outro no resto do curso no que se desenvolve o horario partido. A distribución horaria das dúas xornadas son as seguintes:

Horario escolar		
Xuño/setembro	Sesións	Xornada Partida
	Lectura silenciosa	10:00/10:15
09:15/10:15	1ª sesión	10:15/11:10
10:15/11:15	2ª sesión	11:10/12:05
11:15/11:35	Recreo	12:05/12:35
11:35/12:25	3ª sesión	12:35/13:30
12:25/13:15	4ª sesión/Xantar	13:30/15:30
13:15/13:35	Recreo/4ª sesión	15:30/16:15
13:35/14:15	5ª sesión	16:15/17:00
14:15/15:00	Xantar/Saída	17:00
15:00	Saída	

2.- Obxectivos xerais do centro

1. Desenvolver a personalidade d@s [alumn@s](#) para o que fomentaremos a capacidade de observación, discernimento e enxuizamento crítico sobre todo fronte dos medios de comunicación.
2. Formación no respecto dos dereitos e liberdades fundamentais e no exercicio da tolerancia e da liberdade dentro dos principios democráticos de convivencia, fomentando, para iso, a participación do alumnado en coloquios e debates nos que manifesten as propias ideas e respecten as dos demais.
3. Pretendemos que o alumnado aprenda a respectar:
 - Na aula: solicitando e respectando a quenda de palabra establecido
 - Nos corredores e dentro do colexio: a orde nas filas, evitando berros, carreiras, etc...
 - No patio: as instalacións deportivas, os enreixados, os espazos verdes, procurando mantelo limpo co uso das papeleiras.
4. Desenvolver hábitos intelectuais e técnicas de traballo , así como coñecementos científicos, técnicos, humanísticos, históricos e estéticos, desenvolvendo técnicas de subliñado, esquemas, resumes, apuntes e toma de notas que faciliten a adquisición de contidos.
5. Formar no respecto á pluralidade lingüística e cultural así como para a paz, a cooperación e a solidariedade entre os pobos.
6. Potenciar o respecto ao entorno e á conservación do medio ambiente, fomentando actitudes ecolóxicas de aforro de materias primas e enerxía.
7. Aprender a usar, gozar e coidar dos bens e servizos comúns, sentindo o gusto e a satisfacción polo bo cumprimento das normas de circulación e do transporte público e privado.
8. Coñecer as mensaxes básicas da circulación viaria.
9. Recoñecer e tomar conciencia dos problemas viarios e das situacións de risco que poidan xerar, desenvolvendo unha actitude crítica cara comportamentos incívicos.
10. Descubrir e dar prioridade ao valor do ser, fronte ao valor de ter na toma de decisións sobre o consumo
11. Garantir unha autonomía persoal fronte ao consumismo
12. Aprender a usar, gozar e coidar dos bens que se posúen ou que se consumen, recoñecendo a súa utilidade real para a vida.
13. Ser quen de ler e interpretar criticamente as estratexias de venta e en concreto as mensaxes publicitarias nos seus compoñentes verbais e icónicos distinguindo a súa veracidade e poder actuar libremente fronte deles.
14. Recoñecer e sensibilizarse coas persoas e pobos que carecen dos recursos básicos mostrando unha actitude xenerosa e solidaria.
15. Desenvolver e afianzar hábitos autónomos de coidado e de saúde persoal, así como o gusto pola actividade física.
16. Capacitar aos alumnos/as para participar activa e responsablemente na creación e xestión da súa propia saúde.
17. Descubrir e interiorizar a propia realidade sexual como medio para relacionarnos e comunicarnos.
18. Reforzar a autonomía e a auto-estima como bases para construír un proxecto de vida saudable.
19. Recoñecer situacións de perigo ou risco para a nosa saúde, sendo capaces de enfrontarse a elas.
20. Coñecer os recursos naturais básicos e os factores que inflúen positiva ou negativamente no medio ambiente da bisbarra de Valdeorras.
21. Descubrir que a nosa colaboración e unha actitude de respecto é o punto de partida para manter, restablecer e mellorar o medio ambiente.

22. Propiciar normas, criterios e orientacións para a solución dos problemas do medio ambiente máis próximo (aula, centro, pobo) o que derivará nunha mellora na saúde.
23. Participar activamente na conservación da natureza a través de actividades de redución, reutilización, reciclaxe e non contaminación dos recursos básicos (papel, auga...)
24. Participar nos programas de recuperación do medio ambiente máis significativos para @s alumn@s promovidos por distintas institucións (Semana da Natureza, Voz Natura, Xardín e Horta escolar...)
25. Descubrir, potenciar e desenvolver a totalidade das potencialidades ou capacidades persoais, sen se deixar influír ou mediatizar por ningún tipo de condicionante ou de limitación de carácter sexista, cultural, racial ou físico.
26. Aceptar, respectar e valorar as características e calidades doutras persoas sen deixarse influír por ningún tipo de actitude discriminatoria en relación co sexo, ou con calquera característica diferencial.
27. Ser capaces de identificar e de realizar unha análise crítica de todas as manifestacións sexistas ou discriminatorias que se producen na linguaxe cotián, no ámbito social e cultural e, en concreto, nas mensaxes (icónicas e verbais) que nos transmite a publicidade e, en xeral, os medios de comunicación.
28. Canalizar a agresividade da persoa cara o ben e o pensamento positivo.
29. Desenvolver a sensibilidade, afectividade e tenrura no encontro coas persoas que nos rodean.
30. Sentir a satisfacción que produce a relación de confianza, de respecto e colaboración cos demais.
31. Construír e potenciar unhas relacións de diálogo, paz e harmonía no ámbito escolar e, en xeral, nas nosas relacións cotiás.
32. Recoñecer situacións de conflito, sendo capaces de tomar decisións para solucionarlas de forma creativa, fraternal e non violenta.
33. Desenvolver o interese na diversidade de persoas e culturas, actuando sempre cunha actitude aberta, respectuosa e tolerante.
34. Coñecer e potenciar os dereitos humanos.
35. Coñecer e colaborar coas ONGs na loita contra a miseria e a inxustiza no mundo.

3.- Plan do equipo directivo

Neste curso 2017-18 os aspectos máis destacados do noso labor serán a implantación do programa Piteas e a posta en marcha da Biblioteca coas reformas elaboradas no marco do plan LIA2. Ambos os dous programas non son froito dunha solicitude por parte do centro para a súa participación nos mesmos, senón que fomos propostos dende os organismos que desenvolven estes proxectos (Cefores e Asesoría Bibliotecas) baseándose na traxectoria de traballo do noso centro.

Piteas é unha proposta de aplicación da metodoloxía SEM que implica un traballo por proxectos na que o alumnado pasa a ter un papel activo na construción do seu itinerario de aprendizaxe, partindo dos seus intereses. O noso centro xa comezara a traballar neste modelo dende Talento 3.0, programa xa extinto e que agora volve neste novo proxecto de Piteas.

A implantación de Piteas esixe unha implicación moi importante de todo o centro en labores de formación e unha aposta decidida por un cambio metodolóxico, que foi asumida de xeito colectivo polo claustro de profesores a comezo do curso.

No que atinxe a LIA2, durante o final do curso pasado e durante o período de vacacións desenvolvéronse traballos de mellora da Biblioteca, sinaladamente un novo modelo de sinalización que fai moito máis inclusiva a Biblioteca facilitando o acceso aos fondos para o alumnado con n.e.e., e que arestora se completan con investimento a nivel de dotación. Fundamentalmente se crearon zonas “maker”, recunchos de robótica e impresión 3D, e, aínda en proceso de adquisición, zona de creación audiovisual e equipamento para traballo cooperativo coas TIC.

Tamén a posta en marcha deste proceso que tenta abrir a Biblioteca a un novo modelo, suporá un esforzo de formación por parte do profesorado que terá que adquirir competencias en materias como a robótica (ao través dun curso enmarcado no PFPPC), impresión 3D e outras tecnoloxías de traballo colaborativo ao través das TIC.

Tamén continuaremos co proxecto Edixgal, tentando dar uso á ferramenta de creación de contidos.

Como centro de referencia no tocante á escolarización de nenos e nenas con necesidades educativas, levaranse adiante programas de enriquecemento educativo e de compactación curricular, non coa intención de eliminar o currículo oficial, senón de compatibilizalo con outro tipo de aprendizaxes e destrezas.

Tras as choivas intensas de finais do curso pasado que afectaron ás aulas da Casiña, neste curso esperamos que se rematen as obras de acondicionamento da mesma, para evitar novos alagamentos no caso de repetirse unhas choivas de igual intensidade.

Por último sinalar que neste novo curso continuamos a andaina, comezada no curso pasado, da construción dun centro plurilingüe, polo que engadimos ao noso cadro de persoal unha auxiliar de conversa que facilitará o contacto de todo o alumnado de primaria cunha falante nativa. A máis disto ser centro plurilingüe implica impartir aulas dunha materia en lingua inglesa. No noso proxecto eliximos plástica coma materia a impartir en inglés, neste no sumando ao curso de primeiro que comezara no curso pasado, o segundo de primaria. Co paso dos anos, a experiencia se irá estendendo ao resto dos niveis da etapa de primaria. Para atender esta necesidade temos xa na grella de profesorado do centro un mestre de primaria con perfil de inglés, xa que co persoal de lingua estranxeira non se podería facer fronte ás necesidades horarias que o programa xera.

1. A nivel de **dotación informática** todas as aulas contan cunha PDI, polo que os nosos esforzos irán na dirección de ir substituíndo os equipamentos que por mor da súa obsolescencia xa non sexan operativos.
2. Existe a decisión de apostar pola formación do profesorado en novas tecnoloxías para tirar todo o proveito posible destes recursos.

3. No que atinxe á **páxina web e aula virtual**, continuaremos cos esforzos para que sexa un espazo de referencia da comunidade educativa.
4. Continuaremos coa reforma dos **documentos base do centro**, seguindo a nosa liña de realizar un labor serio, baseado na discusión e na elaboración consensuada dos mesmos.
5. Noutro orde de cousas continuamos no **plano de mellora de bibliotecas (PLAMBE)** e na **axenda 21 escolar de Galicia**, incluída no plan Proxecta.
6. En canto á elaboración dos horarios fixéronse, un ano máis, coa idea de continuar cos **programa contrato** para a mellora da lectura, escritura e do cálculo, procurando que cada aula de primaria contase, cando menos, con dúas horas de apoios para o desenvolvemento deste programa. Estes apoios serán realizados polo profesorado do mesmo nivel, co que queremos aumentar, á par da mellora destas capacidades no alumnado, a coordinación do profesorado. Tamén presentamos, e esperamos podelo levar adiante como en anos anteriores, un programa contrato de acompañamento escolar.
7. Seguimos pensando que é necesario realizarmos Proxectos Documentais Integrados entre todas as aulas do centro como estratexia que fomente unha nova forma de pedagogía, máis acorde coas iniciativas educativas de hoxe en día. Dado que xa hai bastantes cursos que de xeito autónomo desenvolven proxectos, e moito máis agora que como sinalamos imos desenvolver o proxecto Piteas, pensamos que unha boa posibilidade de compatibilizar esta autonomía coa unidade dun PDI de centro, sería inserir os proxectos de aula nun proxecto máis amplo de centro, que respectando as áreas de traballo elixidas lles confiran unha temática unitaria, xa que así acadaríamos unha maior motivación para todo o alumnado.

No que atinxe ao alumnado de infantil que dende hai bastante tempo desenvolve proxectos, e considerando que a súa metodoloxía, por ser outra etapa e outras idades moi distintas das de primaria, difire da empregada nos PDI de centro, deixaremos que libremente se insiran ou non dentro da proposta unitaria que fagamos.

8. O alumnado de 3º curso de primaria, do mesmo xeito que fixo o curso pasado, acudirá ao longo do curso á piscina cuberta do Barco para desenvolver un **programa de aprendizaxe da natación** que promoven as concellerías de deporte e de educación. Os horarios do curso se estableceron pensando xa na atención que nos vestiarios haberá que dar a este alumnado durante o tempo de duración do programa, para o que se fixo coincidir as horas de garda do profesorado titor coa de educación física, e así poder acudir á piscina a titora (que atenderá o vestiario feminino) e máis o profesor de Educación Física (que se encargará do masculino). Neste sentido temos que dicir que os hábitos adquiridos na clase de educación física de hixiene tras o exercicio fan moi doado o cambio nas piscinas. Mágoa que estes hábitos se perdan en canto o noso alumnado pasa aos centros de Secundaria onde esta práctica hixiénica inexplicablemente non se practica.
9. Tentando unha distribución máis axeitada das actividades complementarias e extra-escolares, e do mesmo xeito que xa se fixo no curso pasado, faremos un **calendario de actividades** que evite a súa concentración no último trimestre do curso, e, máis concretamente, no mes de maio.
10. Insistimos en sinalar que moitas **aplicacións** nas que temos que traballar non se preocupan para nada de facilitar o traballo administrativo, que se demora en tarefas repetitivas que poderían sen lugar ás dúbidas, ser melloradas. Pola contra adoita suceder que as reformas que se fan nestas aplicacións só serven para incrementar o traballo de introdución de datos facendo que os esforzos do equipo directivo estea centrado en alimentar as bases de datos da Consellería máis que en xestionar o centro educativo con espírito de innovación educativa.

A seguir detallamos outros obxectivos, tamén incluídos noutras PXA anteriores e que non se viron realizados ou que outramente manteñen a súa vixencia, referidos a diferentes ámbitos de traballo para este curso escolar:

Obxectivos curso escolar 2017-2018

Ámbito pedagóxico	<p>Continuar fomentando o uso da Biblioteca escolar</p> <p>Favorecer as actividades de promoción e animación á lectura</p> <p>Potenciar a formación do alumnado nas novas tecnoloxías</p> <p>Estimular o aprecio e a defensa da natureza mediante, entre outras accións, a compostaxe, a separación de residuos, a plantación de árbores, o mantemento dos hortos escolares e a participación na axenda 21 escolar</p> <p>Continuar un plan de acompañamento escolar e un programa de mellora da lectoescritura e do cálculo ao través de programas contrato coa administración, coa idea de establecer medidas de educación compensatoria que garantan a igualdade de oportunidades a todo o alumnado do centro.</p> <p>Facilitar e promover o traballo por proxectos en todos os niveis do centro.</p> <p>Favorecer a actualización pedagóxica do profesorado.</p>
Ámbito organizativo	<p>Capacitar a todo o profesorado no programa de xestión informática da biblioteca escolar. Dotar de ordenadores para a procura de información á biblioteca</p> <p>Actualizar tras a asignación de aulas o plano de auto-protección, que continúa vixente, realizando un programa de evacuación específico para o comedor escolar así como realizar un ensaio de desaloxo do centro.</p> <p>Optimizar o aproveitamento dos recursos por parte de toda a comunidade escolar</p> <p>Continuar co carne escolar por puntos, como medida para mellorar a convivencia.</p> <p>Continuar desenvolvendo o programa das patrullas verdes para acadar, por parte do alumnado, unha actitude respectuosa cara o medio</p>
Ámbito institucional	<p>Solicitar ao Concello a instalación urxente de marquesiñas nas paradas do transporte escolar que carezan delas.</p> <p>Colaborar co Concello no desenvolvemento de programas nos que a Escola de insira no seu contorno máis de preto.</p> <p>Solicitar axudas para melloras no centro, así como para publicacións, adquisicións, subvencións a visitas, etc... a distintas institucións.</p> <p>Realizada xa no curso pasado a substitución das ventás da Biblioteca no baixo do centro, tentaremos que se continúen as obras para acadar un mellor illamento térmico do centro e evitar a perda da calor da calefacción no inverno, e, consecuentemente, dos altos custos de combustible do centro</p>

4.- Programación dos distintos ciclos e equipos

4.1.- Ciclo de Ensino Infantil

Compoñentes do ciclo:

Delgado Delgado, Cristina (3aA)
 Guitián Sarria, M^a de los Ángeles (3aB)
 Escuredo López, María Nieves (4aA)
 González González, Sonia (4aB)
 Molina Tato, Mercedes (5aA)
 Alejandro Lorenzo, M^a Nieves (5aB)
 López Guitián, Teresa (Mus. e Pscm.)
 Noelia Maceda Gallego (Inform., apoio inf., e coord.)
 Breijo Calvo, Gemma (AL)

Outro profesorado que intervén:

Gallego Delgado, M^a de las Mercedes (FI)
 Robles Castro, M^a del Socorro (ER)
 Gayoso Ríos, Marta (AL)
 Gómez Fernández, Diana (PT)
 Álvarez Silva, Ana M^a (PT)

A Educación Infantil é unha etapa fundamental na vida do neno/a, dado que nela se fixan as bases de todos os seus desenvolvementos: persoal, emocional, social, motriz e lingüístico.

As finalidades desta etapa educativa son:

- Coñecer o seu corpo e as súas posibilidades de acción.
- Relacionarse cos outros a través das distintas formas de expresión e comunicación.
- Observar e explorar o seu contorno natural, familiar e social.
- Adquirir progresivamente autonomía nas súas actividades habituais.

Os obxectivos por ámbitos de experiencia e, que fixamos para o ciclo, son:

- Coñecemento de si mesmo e autonomía persoal:
 - Coñecer e representar o propio corpo, adquirindo o control xeral, sensacións e percepcións, así como a psicomotricidade grossa e fina.
 - Formarse unha auto-imaxe axustada e positiva.
 - Identificar os propios sentimentos e emocións, e respectar os das outras persoas.
 - Tomar iniciativa nas actividades cotiás.
 - Progresar na adquisición de hábitos e actitudes relacionados coa autonomía, hixiene, alimentación, vestido, saúde, orde e traballo.
 - Aceptar e respectar as diferenzas individuais: idade, sexo, etnia, cultura, personalidade, características físicas...
- Coñecemento do contorno:
 - Observar e explorar de forma activa o seu contorno, observando os cambios que se producen e establecendo hipóteses.
 - Relacionarse cos diferentes grupos sociais próximos, interiorizando progresivamente as pautas de comportamento social e, establecendo relacións de confianza, afecto, colaboración e respecto.
 - Participar na creación das normas que regulen o comportamento na aula e no centro, así como dalgúns procedementos de resolución pacífica de conflitos, aportando estabilidade e confianza nas nosas relacións.
- Linguaxes: comunicación e representación:
 - Empregar a linguaxe oral para comunicarse cos demais cun vocabulario preciso e unha pronuncia correcta.
 - Achegarse á lingua escrita a través de distintos tipos de textos.
 - Valorar a Biblioteca como fonte de achegamento á cultura e ó pracer literario. Iniciarse nas habilidades lóxico-matemáticas establecendo agrupamentos, clasificacións, cuantificacións, medindo, pesando, comparando; a través da observación, exploración e experimentación dos elementos do medio.

- Desenvolver a súa linguaxe artística (xestual, musical, plástica,...) fomentando a súa creatividade e imaxinación.
- Iniciarse no uso dunha lingua estranxeira.
- Familiarizarse co uso das TICs.
- Iniciarse nas competencias básicas a través das rutinas diarias e os distintos proxectos de traballo.

Metodoloxía.

Compartida polo Equipo de Infantil, queda resumida nos seguintes puntos:

- Conformar un ambiente estable para que o neno/a veña contento á escola.
- Basear a aprendizaxe en actividades lúdicas e estimulantes, que partan das súas necesidades e intereses.
- Respetar a individualidade de cada neno/a para axudar a desenvolver a súa personalidade.
- Para poñer en práctica estes aspectos, cremos no traballo por proxectos que, ademais de favorecer estas aprendizaxes significativas, pretende establecer un lazo moi estreito coas familias, compartindo información e colaboración.

Avaliación.

A avaliación en infantil será contínua, individualizada e formativa. No caso de alumnado que por razóns médicas, familiares ou doutra índole, non poida asistir ao centro ou quede exento temporalmente dunha materia, avaliarase segundo as directrices que figuran na concreción anual do Plan Xeral de Atención á Diversidade.

Programación do período de adaptación para o curso 2016-2017											
Xuño 2018	Alumnado: Realizarán unha primeira visita os alumnos de novo ingreso acompañados polos seus pais/nais	Pais e Nais: Terán unha breve reunión informativa co profesorado sobre o período de adaptación Daráselles, así mesmo, unha información por escrito sobre determinados aspectos relativos á escolarización dos seus fillos/as.									
	Nenos/as de 3 anos: Durante o período de adaptación os nenos/as asistirán ao colexio en dúas quendas: <table border="1" data-bbox="231 1326 785 1462"> <thead> <tr> <th></th> <th><i>Días 11 ao 22</i></th> <th><i>Do 25 ao 29</i></th> </tr> </thead> <tbody> <tr> <td>Primeira quenda</td> <td>10:15 a 11:45</td> <td>10:00 a 13:00</td> </tr> <tr> <td>Segunda quenda</td> <td>12:00 a 13:30</td> <td>10:00 a 13:00</td> </tr> </tbody> </table>		<i>Días 11 ao 22</i>	<i>Do 25 ao 29</i>	Primeira quenda	10:15 a 11:45	10:00 a 13:00	Segunda quenda	12:00 a 13:30	10:00 a 13:00	Pais e Nais: Nos primeiros días de setembro terá lugar unha reunión co equipo docente de ensino infantil, onde se lles dará o horario dos nenos en período de adaptación, coñecerán ao titor/a do seu fillo/a e daráselles información por escrito de datos importantes relacionados co colexio. Durante o período de adaptación as familias manterán entrevistas individualizadas coa orientadora e, posteriormente, coas titoras.
	<i>Días 11 ao 22</i>	<i>Do 25 ao 29</i>									
Primeira quenda	10:15 a 11:45	10:00 a 13:00									
Segunda quenda	12:00 a 13:30	10:00 a 13:00									
Setembro 2017	Nenos/as de 4 e 5 anos de nova incorporación: Farase un período de adaptación individualizado atendendo ás súas necesidades										

Saídas á contorna:

3 anos: Centro de Saúde e paseo do Malecón

4 anos: Clínica veterinaria e explotación gandeira de vacún.

5 anos: Radio e Mercado

3, 4 e 5 anos: Convivencia de Educación Infantil "Cholo e Nela".

Outras saídas relacionadas cos proxectos que se traballen ó longo do curso e aquelas que o equipo de ciclo considere oportunas para completar o desenvolvemento do currículo de Educación Infantil.

Outros acordos de ciclo para o presente curso:

- Horarios de saída: coa finalidade de facilitar unha saída ordenada dos nenos e das nenas pola cancela de educación Infantil así como unha entrega controlada, acórdase de o alumnado non transportado de 3 anos sairá 5 minutos antes de que toque o timbre, o alumnado de 4 anos sairá 2 minutos antes e o alumnado de 5 anos á hora en punto.
- O alumnado transportado colocarse nunha fila no corredor de infantil 10 minutos antes da hora de saída e, 5 minutos antes, sairá esta fila cara a zona de autobuses. Unha vez no patio cuberto cada nena e cada neno colocaranse na fila que corresponde a cada liña de transporte. O alumnado será acompañado ata a porta do autobús unha vez a fila de cada liña se vaia completando co alumnado de Primaria. As familias dos alumnos/as de transporte que desexen recoller ao seu fillo ou filla, deberán colocarse fóra na porta do autobús correspondente e comunicarllo á coidadora ou coidador dese autobús.
- Prolongación do período de adaptación ata o remate do mes de setembro. (Consultar datas e cadro aparte).
- Establecemento dunha sesión semanal de informática na aula de informática para cada aula.
- Establecemento dunha sesión semanal para o uso da biblioteca escolar para cada nivel.
- Datas para as reunións trimestrais coas familias: 1º trimestre – 3 de outubro de 2017 ás 17:15 horas. 2º trimestre – 23 de xaneiro de 2017 ás 17:15 horas. 3º trimestre – 8 de maio de 2017 ás 17:15 horas.
- Necesidades detectadas no patio de educación Infantil:
 - Asegurar o tramo de valla de separación que hai entre o instituto e o colexio á altura das casiñas de madeira (este arranxo é urxente porque os enganches están medio soltos e corre perigo de desprenderse).
 - Acondicionar o chan do antigo areeiro. Colocación dun chan brando. (É necesario que se faga pronto para facer uso deste espazo o antes posible).
 - Casiñas de madeira: no curso pasado substituíuse unha das casiñas por outra nova. Neste curso sería preciso substituír a outra ou, polo menos, cambiarlle o tellado porque está roto e presenta estelas que poden causar feridas aos nenos e nenas.
 - Renovar as vallas que cercan o depósito de gas e colocar unhas rixidas. As vallas actuais están cedidas e deterioradas.
 - Labores de repintado: paredes do edificio que dan a este patio (os debuxos atópanse deteriorados e mesmo hai “pintadas” nalgúns zonas, sería necesario para poder, posteriormente facer novos deseños nelas), vallas do antigo areeiro, xogos no chan (labirintos, circuítos de chapas...), raias das filas.

En referencia ás labores de repintado das paredes, unha vez que estean “saneadas” e pintadas de cor branco, o equipo docente de Educación Infantil, quere acometer a labor de decoralas coa axuda das familias e do alumnado.

En relación ás raias das filas, xogos do chan e vallas do areeiro, as docentes queremos poñernos ao traballo no mes de setembro en canto teñamos a pintura de exteriores necesaria.

Todas estas necesidades foron transmitidas á dirección do centro e, dende aí, remitidas por escrito ao Concello con data 15 de setembro de 2017.

Data de reunión cos pais/nais

Primeiro trimestre: Martes, 3 de outubro de 2017 ás 17:15 h.

Segundo trimestre: Martes, 23 de xaneiro de 2018 ás 17:15 h.

Terceiro trimestre: Martes, 8 de maio de 2018 ás 17:15 h.

4.2. Primeiro Ciclo de Ensino Primario

Compoñentes do ciclo:

Ochoa Ochoa, Aurea 1ºA
 Varela Gómez, Rosa 1ºB (Coordinadora)
 Marcos Luis, Carmen 2º A
 Delgado Pérez, Aurora 2º B
 Gallego Delgado, Mª de las Mercedes (FI)
 Freixeiro Álvarez, Xoaquín C. (EM)
 Gayoso Ríos, Marta . (AL)

Outro profesorado que intervén:

Robles Castro, M.ª Socorro (ER)
 Lorenzo Muñoz, Diego (EF)
 Álvarez Lana, Manuela (PT)
 Gómez Fernández, Diana (PT)
 Breijo Calvo, Gemma (AL)
 Moldes Carriba, Concepción (Apoio)
 Longo González, Natalia (Orientación)

Obxectivos do Ciclo

- Fomentar as relacións entre compañeiros/as e a solidariedade entre eles.
- Fomentar hábitos de autonomía, responsabilidade e esforzo persoal.
- Aceptar as regras e normas de convivencia consensuadas entre profesorado e alumnado que se establezan, e asumir as responsabilidades individuais que correspondan.
- Adquirir unha imaxe axustada de si mesmo e os outros, valorando e repectando as diferenzas individuais (sexo, raza, relixión, nacionalidade...)
- Estimular a resolución de conflitos por medio do debate e o consenso
- Alcanzar o nivel adecuado de consecución dos obxectivos así como o grao de adquisición das competencias básicas
- Habilitar un tempo determinado para a lectura, fomentando o hábito lector compartido e o gusto pola lectura
- Utilizar a composición escrita como medio de comunicación e de expresión da propia creatividade.
- Fomentar o uso da Lingua Galega especialmente no ámbito oral nas actividades que se levan no centro.
- Comprometerse de forma activa no coidado do noso contorno, determinando problemas, elaborando propostas e asumindo os compromisos alcanzados.
- Fomentar o uso responsable e crítico das TICs, valorándoas como xeradoras e transmisoras de coñecemento e comunicación.
- Conseguir que @s alumn@s adquiren unha mellor aprendizaxe lectoescritora que lles axude a comprender diferentes tipos de texto a través do programa contrato de mellora da lectoescritura e do cálculo.

Medidas a desenvolver para a consecución dos obxectivos

A metodoloxía será comunicativa, activa e participativa, fomentando a implicación e a cooperación co fin da participación do alumnado nas distintas actividades. Así crearemos:

- Un ambiente participativo e motivadora
- Traballo cooperativo
- Autonomía no traballo individual do alumno/a
- Aprendizaxe significativa
- Creación dun clima de seguridade e confianza
- Principios metodolóxicos comúns a todas as áreas
- Atención á diversidade
- Participación activa e inclusiva

Recursos previstos para o efecto

- Recursos materiais en relación ao Centro:
 - Medios audiovisuais (Cámara fotográfica, fotocopiadora, impresora 3D, proxector e reprodutor de CD.
 - Material informático:

- Aula de Informática
- Plan TIC: internet, vídeos, experiencias, xogos educativos, páxinas Web, bloques do Cole, Clics, procura de información, actividades de reforzo e ampliación sobre as distintas áreas do Currículo...
- Aula ordinaria:
 - Pizarra, pizarra dixital, ordenador de aula, biblioteca de aula, murais, material de rutinas, xogos, material manipulativo
- Recursos materiais en relación ao Alumnado:
 - Libros de texto, cadernos, fichas de traballo, xogos, material manipulativo, libros de distintas temáticas.
- Outros recursos materiais:
 - Biblioteca do centro, salón de actos, pavillón, corredores, obradoiros dos distintos proxectos (construción de máquinas, elaboración de receitas...)
- Recursos e materias da Contorna
 - Material natural, biblioteca municipal, edificios públicos diversos, exposicións, saídas pola contorna.
- Recursos humanos
 - Alumnado, familias, persoal non docente, profesorado implicado en distintos cursos de formación (PFPP -proxectos, grupos de traballo-, PLAMBE, proxecto lector, plan de convivencia, PDI, Plans de innovación educativa -Piteas, LIA2-, equipo da Biblioteca, Axenda 21, EDLG, participación de toda a comunidade en tódalas actividades complementarias do centro.

Estratexias metodolóxicas e organizativas de atención ao alumnado con NEAE

- Propiciar un clima de confianza e colaboración na aula
- Traballar habilidades sociais
- Elaboración de ACIS
- Traballo cooperativo
- Traballo en pequeno grupo
- Apoio na aula de especialistas de PT
- Saídas coas especialistas de AL
- Seguimento coordinado da titora coas especialistas de PT e AL e Orientación
- Metodoloxía por proxectos
- Actividades de reforzo
- Actividades de ampliación
- Traballo con Pictogramas
- Técnicas de modificación de conduta (reforzos positivos)
- Reunións regulares de informacións ás familias do alumnado con NEAE.

O equipo do primeiro ciclo de ensino primario decidiu dende o pasado curso substituír o libro de Lingua Castelá por un de Lecturas Comprensivas en 2º e Cadernos de Traballo en 1º, o que valoramos moi positivamente xa que nos permite cumprir o noso obxectivo de experimentar con novas tecnoloxías e novos soportes para a aprendizaxe (proxectos, recursos dixitais, actividades de innovación educativa, etc...) o que repercute na motivación e aprendizaxe significativa do alumnado.

Saídas e actividades culturais

- O 1º curso acudirá ao punto limpo e á biblioteca municipal.
- O 2º curso visitará un souto, un sequeiro e un almacén de recollida e envasado de castañas, para que os nenos e nenas vexan todo o proceso deste produto: onde nacen, que é un souto, como se secan, transportan, escóllense, envásanse..., para decatarse da importancia na nosa zona da recollida de castañas.

A segunda saída consistirá na visita ás distintas sedes dos medios de transporte (Estación de autobuses, Estación do tren e Parada de taxis)

- Diferentes saídas pola localidade
- A excursión de fin de curso está aínda sen determinar.
- Todas as que se consideren convenientes ao longo do ano.

Avaliación

En 1º curso farase unha avaliación inicial que nos permita determinar a situación de partida, baseándonos nos informes persoais da etapa anterior que se complementará coa información obtida das familias, e que constituirán o punto de referencia para a toma de decisións nas programacións de aula, así como para a adopción de medidas ordinarias ou extraordinarias que se consideren oportunas para cada alumno.

Neste sentido cabe destacar tamén unha proba tipo test que dende orientación se pasa aos alumnos e alumnas de 1º curso co fin de detectar posibles problemas de aprendizaxe que axudará na toma de decisións para mellorar o proceso de ensino-aprendizaxe.

A avaliación será continua, formativa e individualizada. No caso de alumnado que por razóns médicas, familiares ou doutra índole, non poida asistir ao centro ou quede exento temporalmente dunha materia, se avaliará (ou non) segundo as directrices que figuran na concreción anual do Plan Xeral de Atención á Diversidade

Data de reunión cos pais/nais

1ª Avaliación: Xoves 5 de outubro ás 17:15 h.

2ª Avaliación: Martes 6 de febreiro ás 17:15 h.

3ª Avaliación: Martes 17 de abril ás 17:15 h.

4.3. Segundo Ciclo de Ensino Primario

Compoñentes do ciclo:

Santás Rodríguez, Pilar
 García Fernández, M^a del Carmen.
 Davila Pérez, Joel
 Moldes Cobelas, M^a Encarnación
 Álvarez Silva, Ana María (PT)
 Rodríguez Centrón, Modesto (EF)(Coordinador)
 Longo González, Natalia (Orientadora)
 Gómez Fernández, Diana (PT)

Outro profesorado que intervén:

Gómez Vidal, Manuel Francisco (FI)
 Freixeiro Álvarez, Xoaquín (EM)
 Gayoso Ríos, Marta (AL)
 Breijo Calvo, Gemma (AL)
 Robles Castro, M.^a del Socorro (ER)

Obxectivos do Ciclo

- Reforzar as normas que rexen as situacións de diálogo e as conversas de grupo.
- Promover o uso oral da Lingua Galega tanto nas áreas de estudo como nos momentos de lecer.
- Fomentar un clima de convivencia harmonioso no colexio, baseado no respecto, no diálogo e na interiorización das normas.
- Valorar e gozar do seu contorno máis próximo (aula, colexio, aldea/vila...) participando no seu coidado e conservación, especialmente no aspecto ambiental.
- Adquirir hábitos de estudo
- Conseguir a autonomía necesaria para a adquisición dos obxectivos curriculares do ciclo.
- Reforzar a orde e a disciplina nas filas, clases e espazos comúns do colexio.
- Manter e fomentar as normas básicas de hixiene para a prevención de enfermidades
- Promover e fomentar actividades que leven ao neno a adquirir o gusto pola lectura, escritura e a súa comprensión.
- Promover unha secuenciación ao longo do ciclo da adquisición de contidos e das competencias instrumentais; de comprensión-expresión lectora e matemática.
- Continuar coa metodoloxía do traballo por proxectos.
- Desenvolver a creatividade e a actividade mental ao través de retos

Saídas e actividades culturais

A participación nelas dependerán da dispoñibilidade de cada titor, se ben o colexio garantirá a participación do alumnado en todas as actividades extra-escolares e complementarias que se organicen neste ciclo.

Ademais os alumnos/as de 3º de E.P van participar nos cursos de natación propostos polo concello en horario lectivo.

Actividades propostas para o segundo ciclo:

- Terceiro:
 - 1. Oficina de correos.
 - 2. Depuradora
- Cuarto:
 - 1. Cooperativa Vitivinícola.
 - 2. Casa do Concello
- Ciclo: excursión de fin de curso, por determinar.
- Tamén se participará en todas as visitas oportunas que poidan xurdir ao longo do curso.

Avaliación

A avaliación será continua, formativa e individualizada. No caso de alumnado que por razóns médicas, familiares ou doutra índole, non poida asistir ao centro ou quede exento temporalmente

dunha materia, se avaliará (ou non) segundo as directrices que figuran na concreción anual do Plan Xeral de Atención á Diversidade.

Data de reunión dos pais/nais

1º Trimestre: Martes, 10 de outubro ás 17:15 h.

2º Trimestre: Martes, 16 de xaneiro ás 17:00 h.

3º Trimestre: Martes, 24 de abril ás 17:00 h.

4.4. Terceiro Ciclo de Ensino Primario

Compoñentes do ciclo:

Lorenzo Muñoz, Diego (5ºA)
 Moldes Carriba, Concepción (5ºB)
 Lorenzo Conde, Teresa (6ºA)
 López López, Patricia (6ºB Coordinadora)
 Gómez Vidal, Manuel Francisco (LI)
 Pérez Lemos, Francisco (Mat)
 Puente Murias, Elisa (PT)

Outro profesorado que intervén:

Freixeiro Álvarez, Xoaquín (EM)
 Rodríguez Centrón, Modesto (EF)
 Álvarez Silva, Ana Mª (PT)
 Gayoso Ríos, Marta (AL)
 Robles Castro, Mª del Socorro (ER)

Obxectivos do Ciclo:

- Resaltar os valores morais fundamentais e hábitos educativos básicos como o respecto, a solidariedade, compañeirismo, honestidade, responsabilidade, autoestima e esforzo. Aplicalos no seu trato cos compañeiros/as e mestres/as.
- Utilizar estratexias para potenciar e mellorar a atención do alumnado.
- Desenvolverse de forma autónoma na experiencia diaria, tanto na aula como nas saídas e excursións, establecendo relacións de grupo e valorando as relacións afectivas.
- Conseguir unha participación activa e democrática tanto en actividades de pequeno grupo (debates, comentarios...) como de gran grupo (excursións) aportando os puntos de vista e intereses propios, respectando aos demais e gardando as quendas de intervención, aprendendo a baixar e normalizar o ton de voz.
- Fomentar o respecto ás distintas culturas valorando e apreciando todas as súas diferenzas.
- Aprender a aplicar hábitos de saúde e benestar para acadar unha vida equilibrada, con eles mesmos e co entorno.
- Potenciar e desenvolver as posibilidades das novas tecnoloxías para a súa aplicación na aula, transformando as actuais aulas tradicionais en aulas virtuais (aulas Abalar).
- Adoptar novos modelos de ensino, tendo en conta as tecnoloxías da información e facendo sa web do centro una fonte de recursos.
- Fomentar un ambiente grato e propicio para o emprego da lingua galega.
- Favorecer o respecto, coidado da natureza e o coñecemento do contorno.

Plans que se levan a cabo no 3º ciclo de E.P.:

- Proxecto Abalar.
- Axenda 21.
- P.R.O.A.
- Proxecto experimental Educación Dixital E-DIXGAL.

Avaliación

A avaliación será continua, formativa e individualizada. No caso de que algún alumno/a, que por razón médicas, familiares ou doutra índole; non poida asistir ao centro ou quede exento temporalmente dunha materia, avaliarase segundo as directrices que figuran na concreción anual do Plan Xeral de Atención á Diversidade.

Saídas e actividades culturais 2014/2015:

Todo o ciclo

- Participación na campaña de animación á lectura.
- Participación nas conmemoracións do: Samaín, Magosto, Ciencia en galego, Nadal, Día da Paz, Entroido, Olimpiada do saber, Letras Galegas,...
- Saídas pola localidade a distintas exposicións e actividades programadas polas institucións locais e polo propio centro.

- Participación no Plan Director.
- Participación nos concursos que vaian xurdindo.
- Excursións de fin de curso por determinar.

5º EP

- Mosteiro de Xagoaza, Adegas, Igrexa e Torre e Pazo do Castro.
- Casa grande de Viloira.

6º EP

- Canteira de lousa.
- Xulgado e Policía Local.

Data de reunión de pais e nais:

5º de primaria

1º Trimestre: 9 de outubro ás 17:00h.

2º Trimestre: 9 de xaneiro ás 17:00h.

3º Trimestre: 24 de abril ás 17:00h.

6º de primaria

1º Trimestre: 9 de outubro ás 17:00h.

2º Trimestre: 16 de Xaneiro ás 17:00h.

3º Trimestre: 2 de maio ás 17:00h.

4.5. Equipo de Dinamización Lingüística

Integrantes:

Como cada ano este equipo presenta novas incorporacións. Os integrantes do noso equipo para o presente curso académico son os seguintes:

- Aurora Delgado Pérez.
- Nieves Escuredo López.
- Xoaquín Carlos Freixeiro Álvarez.
- Marta Gayoso Ríos.
- Manuel Francisco Gómez Vidal.
- Diana Gómez Fernández
- M^a Encarnación Moldes Cobelas
- Rubén López Fernández
- Diego Lorenzo Muñoz
- Noelia Macedo Gallego

Horario de reunións:

Levarase a cabo reunión mensual para o segundo luns de cada mes en horario de 13:30 a 14:30, na aula de 2ºA. Non embargantes, ao longo do curso, realizaranse convocatorias extraordinarias segundo as necesidades.

1.- Obxectivos Xerais:

O EDLG continuará coa labor iniciada en cursos anteriores, como órgano de recollida das iniciativas formuladas polo claustro a través de reunións dos equipos de ciclo, e elaboración ou recollida de actividades cos equipos implicados (EDLG, Eq. Apoio Biblioteca, Eq. Docentes, Ax.21...) coa supervisión final do Equipo Directivo. Tentaremos continuar coa realización das actividades en coordinación cos EDLG dos centros públicos da nosa localidade e organismos ou asociacións locais como o CCA (Centro Comercial Aberto). Este equipo velará polo cumprimento deste proxecto e do PLC.

2.- Como obxectivo principal, establecemos o de equiparar a adquisición de competencias lingüísticas nas dúas linguas cooficiais de Galiza. Dado que a maioría [d@s nos@s alumn@s](#) son castelán falantes, polo tanto o noso traballo debe ir encamiñado a que todos os membros da comunidade educativa poidan falar con orgullo a lingua propia de Galiza.

3.- Medidas a desenvolver

As medidas encamiñadas ao desenvolvemento dos obxectivos propostos, levaranse a cabo mediante a realización de actividades motivadoras que impliquen e integren ao maior número de membros da comunidade educativa e da contorna traballando directa ou ben indirectamente as competencias básicas e algunha área e/ou contido do currículo ordinario.

4.- Recursos:

Como recursos humanos, o E.D.L.G. conta como integrantes a docentes das etapas de E. Infantil e E. Primaria nalgúns dos seus diferentes niveis. Representantes nalgún caso do equipo directivo e integrantes dos equipos de Biblioteca ou Axenda 21. Estes, actúan como canle de difusión das actividades propostas así como de recollida dos intereses que xorden nas súas respectivas etapas, niveis ou aulas. Así mesmo están invitados ás nosas reunións, aqueles docentes que sin ser membros poden axudar ao desenvolvemento das nosas actividades como é o Xefe do Departamento de Actividades Extraescolares e Complementarias.

Empregaremos os recursos económicos obtidos mediante a financiación do Proxecto de Dinamización e Innovación Educativa para sufragar os gastos xerados polas actividades desenvolvidas.

5.-Actividades:

No presente curso académico, pretendemos continuar o traballo iniciado co alumnado na promoción do emprego e gusto pola nosa lingua, mediante a realización de actividades, tanto permanentes (“Os nosos autores en voz alta”...) como temporais (“Ciencia en galego”, “Festival das letras galegas”).

Complementamos ditas actividades coa realización doutras en datas sinaladas do calendario (Samaín, Magosto, Nadal, Letras galegas...) tales como: obras de teatro, festivais, concursos, composicións literarias, investigacións sobre a cultura popular da nosa bisbarra, exposicións, etc... Que achegan o currículo a un traballo creativo en lingua galega.

Prestaremos especial atención ás actividades desenvolvidas no “Mes das letras Galegas”, nas que coñeceremos ao autor/a homenaxeado/a este ano pola nosa Real Academia das Letras Galegas, con actividades como exposicións, festival, recitado.. e outras que xurdirán froito das reunións realizadas cos coordinadores/as dos E.D.L.G. dos centros públicos da localidade.

Na primeira reunión do E.D.L.G. realizamos unha revisión pormenorizada de cada unha das actividades realizadas durante o curso pasado, para desbotar algunha e modificar ou dar un novo pulo a outras que consideramos que precisan adquirir maior eficacia e/ou interese educativo.

Así, dentro das actividades de conmemoración do Samaín, e continuando coa mesma técnica do curso anterior, traballaremos o “medo” dentro das aulas, para dotar ao alumnado de estratexias persoais que lle permitan comprender e manexar este mecanismo natural humano.

Dentro das actividades realizadas co gallo da chegada do Nadal, acordamos propor a visita do “Apalpador” como actividade para o alumnado de E. Infantil. A persoa encargada de realizar esta actividade aínda está por asignar.

Continuamos, así mesmo, coa actividades da “A caixa de correo”. Seguirán participando nesta actividade todos os cursos de E. Primaria. Os alumn@s do 1º ciclo cartearanse cos seus respectivos grupos de nivel, tentaremos, tamén, que se feliciten entre sí polo Nadal, a través do correo. O alumnado do 2º e 3º nivel de E.P. Cada aula poderá semanalmente deixar as súas cartas persoais dirixidas a outro alumno/a da outra aula do seu nivel que lle corresponda por riguroso orde de lista ou de xeito aleatorio (a decidir). Cartas revisadas polo mestre/as, tanto no seu formato como contido, así como no riguroso e correcto emprego do idioma. Un/unha carteiro/a do cole, repartirá o correo nun día establecido. Empregaremos o formato de sobre-carta, co alumnado de 1º e 2º, e un formato máis convencional para o alumnado maior de 3º e 4º.

Tentaremos promover a comunicación epistolar con outros centros da nosa xeografía, entre cursos similares.

Darémolle uso á nosa “Caixa do correo” para a recepción e recollida de postais de nadal, cartas aos reis mados, mensaxes de amor, e incluso para a comunicación con alumnado doutros centros “amigos”, espallados pola nosa xeografía. As cartas recollidas, poderán ser enviadas a través da oficina de correos.

Durante o “Mes das letras” (maio), así como durante o resto do curso, adicaremos moitas das nosas actividades ao autor homenaxeado este ano pola Real Academia da Lingua Galega, a escritora M^a Victoria Moreno. A súa biografía e obra serán divulgadas nos programas radiofónicos de “A lingua nas ondas” e o “Festival das Letras Galegas” contará coa representación da súa obra poética e/ou posta en escena dalgunha das súas obras dramáticas.

Dado o éxito de acollida da campaña conxunta cos E.D.L.G. da localidade e o CCA (Centro Comercial Aberto) “PON DE MODA O GALEGO”, estamos a deseñar unha nova actividade (aínda por definir) que implique a nenos e mestres de diferentes etapas, para chegar aos cidadáns da nosa localidade unindo “lingua” e “creatividade”. Consideramos nesta primeira reunión que a actividade debería ser realizada en horario escolar para favorecer a participación e disfrute de todo o alumnado implicado.

Finalizaremos o curso na primeira semana de xuño, coa actividade para 5º e 6º de E. P. "Mochilas pola lingua", que consiste nunha visita a pé e coñecemento profundo dunha localidade da contorna próxima. Aínda por determinar, a localidade a visitar neste curso podería ser Éntoma ou O Castro.

Ao longo do curso estaremos abertos para atender aos intereses e necesidades específicos que vaian xurdindo, para resultar máis efectivos na organización das nosas propostas en beneficio do noso maior propósito: aumentar o emprego e o gusto pola nosa lingua.

Na seguinte grella, aparecen reflectidas todas as actividades propostas para este curso académico.

E.D.L.G LISTADO DE ACTIVIDADES ESPECÍFICAS Curso 2017-2018	
*Ademais das actividades en colaboración cos Equipos de Biblioteca, Axenda 21 e Actividades extraescolares estas son as actividades específicas anovadas para o presente curso escolar.	
ACTIVIDADES DE ORGANIZACIÓN DOCENTE:	<ul style="list-style-type: none"> ✓ "Cadernos Informativos de pais e nais". ✓ Actividades complementarias en galego. ✓ Tradución de materiais e recursos a linguaxe pictográfica en galego. ✓ Asesoramento na revisión de documentos de centro.
ACTIVIDADES PEDAGÓXICAS	<ul style="list-style-type: none"> ✓ "TABOLEIRO DE ANIVERSARIOS": Panel de cortizo, decorado e colocado nunha das entradas do centro onde os alumnos/as serán homenaxeados polo seu aniversario, cunha imaxe e mensaxes de felicitación polo seu aniversario dos seus compañeiros de aula. ✓ "OS NÓS AUTORES EN VOZ ALTA": Lecturas de escritores galegos. ✓ "CIENCIA EN GALEGO" (<i>Experiencias físicas e químicas da nosa contorna.</i>) Enmarcado no currículo das áreas de Ciencias da Natureza e Ciencias Sociais, así como nos proxectos que están a realizar algúns cursos, propoñemos que nesta ocasión a Ciencia en Galego sexan experiencias físicas e químicas, explicadas por grupos en todas as súas fases coa realización de vistosas presentacións e maquetas. Os científicos serán o alumnado dos cursos de 3º, 4º, 5º e 6º de Educación Primaria. Se realizarán dúas experiencias por aula, . Levarase a cabo ao longo da semana do 20 ao 24 de novembro na, A forma de presentación será por ciclos, cada nivel presentará os seus experimentos ao resto de compañeir@s do seu ciclo. Faranse quendas. ✓ "O NADAL NO CONDESA": ✓ Visita de "O Apalpador en Educación Infantil". ✓ Festival de Nadal: Representación de obras de teatro, panxoliñas, cantos de reis, na nosa lingua. ✓ "A CAIXA DO CORREO": Nesta actividade participará todo o alumnado de E.Primaria (<i>Explicada anteriormente</i>). ✓ "PARTICIPACIÓN NO CONCURSO PARA A ELABORACIÓN DA EXPOSICIÓN SOBRE O AUTOR HOMENAXEADO NAS LETRAS GALEGAS 2018: Mª Victoria Moreno" ✓ " MES DAS LETRAS GALEGAS": Este ano adicadas a escritor Mª Victoria Morenoa . <ul style="list-style-type: none"> • "A lingua nas ondas": programas radiofónicos en colaboración coa emisora local Radio Voz adicados a coñecer a biografía e obra do autor homenaxeado pola Real Academia das Letras Galegas, empregando a nosa lingua (alumnado do 3º ciclo de E.P.). • O resto de alumnado realizaran unha gravación na aula, coa temática por determinar • "PON DE MODA O GALEGO" Actividade en coordinación co resto de E.D.L.G. Dos centros públicos da localidade. • ACTIVIDADES SOBRE FLORENCIO DELGADO GURRIARÁN en coordinación coa Biblioteca do Concello. • Festival das Letras (<i>Actividades por determinar</i>) ✓ MOCHILAS POLA LINGUA: Probablemente unha saída na última semana do mes de maio ou a primeira semana do mes de xuño en horario de mañá a unha localidade cercana do Concello (Entoma ou O Castro). ✓ A CULTURA DA NOSA BISBARRA. <i>Continuaremos investigando sobre a tradición cultural da nosa bisbarra. Procurase facer coincidir esta actividade coa celebración de festas coma: Samain, O Magosto, O Nadal, O Entroido.....</i> ✓ <i>Ampliaremos o proxecto de investigación,comenzado o curso anterior,sobre a cultura do viño na comarca.</i> ✓ PROXECTO INTERDISCIPLINAR.

4.6. Departamento de Orientación

O Departamento de Orientación do C.E.I.P. "Condessa de Fenosa" abrangue como ámbito de actuación o propio colexio, segundo a rede de orientación marcada pola Consellería de Educación.

O Departamento está composto polo profesorado de Audición e Linguaxe e Pedagogía Terapéutica, pola coordinadora do ciclo de Educación Infantil, polos responsables da coordinación de 1º e 2º de EP, de 3º e 4º de EP, de 5º e 6º de EP e a xefa de departamento.

Sobre todo o relacionado co departamento de Orientación remitimos á concreción anual do mesmo que se xunta a esta PXA como anexo.

4.7. Equipo de Apoio á Biblioteca

Compoñentes do Equipo

- Xoaquín Freixeiro (Coordinador)
- Sonia González
- Mercedes Molina
- Mercedes Gallego
- M^a Carmen Martos
- M^a Carmen García
- Concepción Moldes
- Elisa Puente

Introdución

Tal e como se fixo noutros anos, este proxecto de Biblioteca, tenta manter as actividades xa consolidadas e incrementar, na medida do posíbel, os servizos e actividades que xa se ofertaban. As liñas xerais do proxecto correspóndense coas de anos anteriores, xa que este proxecto foise axeitando ás dispoñibilidades do equipo de mestres do centro e respondendo ás demandas do alumnado nun exercicio de retroalimentación moi positivo.

No que atinxe á formación en centros, as actuacións do PFPP que neste segundo ano de vixencia, segue destinado á creación de recursos didácticos virtuais, encaixan perfectamente na liña de traballo da biblioteca e do noso proxecto lector. O PFPP traballa a aprendizaxe por proxectos e tamén promove a creación de recursos didácticos para ser empregados dende a aula virtual do colexio en apoio aos proxectos traballados (Libros LIM, secuencias de actividades con ExE-learning, etc...) Xa que o PFPP impide a realización doutras modalidades de formación no centro, trataremos dun xeito informal de implicar ao profesorado en temas directamente relacionados coas novidades que este ano pensamos poñer en marcha dende a biblioteca, sinaladamente no proxecto de Escornabots e no manexo dos novos equipamentos cos que pensamos dotar á biblioteca, e dos que falaremos máis adiante neste proxecto de Biblioteca. Tamén procuraremos ampliar as actividades e recursos que están creados na aula virtual do noso espazo web, ao tempo que tentaremos promover neste curso de 6º un traballo moito máis práctico que traerá de seu a difusión vía Web dos traballos de investigación que se realicen.

Actuacións en relación coa organización e xestión

Antes que nada temos que indicar que durante este ano 2017 o noso centro foi seleccionado para o plan LIA-2, polo que imos acometer unha serie de reformas en profundidade da nosa Biblioteca. Xunto a reformas básicas (renovación de fiestras, pintado das paredes, colocación dun chan de madeira...) acometeremos -de feito estamos xa en pleno proceso-, un expurgo de materiais deteriorados e obsoletos (VHS, libros e enciclopedias de moitos anos de antigüidade ou inadecuados para a idade do noso alumnado...) co que poderemos tamén reducir o espazo ocupado por andeis e, grazas a isto, colocar unha serie de equipamentos que consideramos necesarios.

Dentro destes equipamentos destacaremos a colocación dunha pizarra dixital interactiva, unha pantalla multitouch para favorecer o traballo colaborativo, recunchos maker (lego, robótica...), dotación de tablets para o traballo de procura de información e dunha wifi potente que forneza de sinal de internet a todo este equipamento.

Os ordenadores de sobremesa cambiarán de situación, e pensamos tamén na súa substitución, xa que tras tantos anos de funcionamento presentan un estado bastante lamentábel.

Relacionado coa sinalización, e tras ver o material presentado por Susana Peix nas xornadas de Plambe, decidímonos a facer unha tradución da súa sinalización para facilitar o acceso aos fondos do noso alumnado con maiores dificultades de comprensión. Neste sentido pensamos colocar nos andeis uns sinais de metacrilato coas iconas das sinaturas da CDU simplificada da asesoría, e a parte en cada libro levara unha etiqueta no lombo que identifique a súa posición. Esta nova etiqueta non substituíra á actual, senón que será un sinal que reforzará a comprensión da temática xeral dos documentos e facilitará a súa colocación nos andeis axeitados.

Nos esforzaremos en difundir o vídeo realizado no curso 15-16, titulado "O libro perdido", no que se explica en clave de humor a etiquetaxe dos libros. Pero tamén tentaremos gravar outro vídeo

cun guión elaborado nun club de lectura titulado “O secuestro do Bibliotecario”, no que este vai deixando unha serie de avisos en forma de díxitos da CDU para ser rescatado por un grupo de alumn@s dos seus secuestradores. Queremos con este novo vídeo continuar na liña de creación de traballos audiovisuais que expliquen a estrutura e colocación dos fondos na biblioteca do centro, xa que temos comprobada a súa aceptación e aproveitamento por parte do alumnado. Seguiremos tentando acelerar as tarefas de catalogación, aínda que este labor costa enorme traballo xa que as tarefas cotiáns a penas deixan tempo para realizalo. Con todo, e aproveitando datas de vacacións, imos acadando unha actualización do catálogo bastante respectábel, aínda que sería de desexar podelo ir facendo segundo chegan as novidades.

Durante este ano tivemos unha avaría informática de gran calado no ordenador de xestión, que fixo necesaria a súa renovación e mandar o disco duro vello a un servizo de recuperación de ficheiros. Isto motivou que temporalmente non puideramos realizar empréstanos e perderamos datos dos lectores. Esta experiencia fai que tomemos en adiante un protocolo de realizarmos copias de seguridade externas para evitar na medida do posíbel as molestias causadas por avarías como a que sufrimos.

Tentaremos mellorar o traballo dos axudantes de biblioteca, que se ben valoramos de xeito moi positivo pensamos que debe de ser mellor estruturado. Así ata o de agora todos os axudantes estaban na mesa de xestión, ás veces 3 ao tempo, deixando o resto da biblioteca sen control. A nosa idea, e moito máis agora que queremos crear, como xa se sinalou, recunchos de actividades, será distribuír as funcións dos axudantes, establecendo en cada quenda unha rotación de funcións que permitan un control moito maior das actividades que se desenvolven nos horarios dos recreos. Tamén as actividades de formación dos axudantes terán que ser máis sistematizadas.

Actuacións en relación coa dinamización dos recursos da biblioteca, coa súa integración no tratamento do currículo e no desenvolvemento das competencias básicas do alumnado.

Continuaremos coas actividades habituais da nosa biblioteca como a edición do “Barquiño de Papel” o boletín da biblioteca, recomendacións lectoras, a edición do blogue no que se tentará promover a participación do alumnado por medio dos comentarios, e a hora das tarefas, coa que se tenta facilitar a realización de traballos de investigación, ampliación e/ou de reforzo, encargadas dende as aulas.

Pola súa banda o emprego da biblioteca como espazo didáctico, incrementouse ao poñer en marcha a materia de Alfabetización en Información, que empregou a biblioteca e a aula de informática como lugares de traballo, así como no desenvolvemento de actividades por parte dos cursos que realizaron proxectos de investigación no marco das actividades de formación das que se falou ao comezo deste proxecto. De cara ao curso que vén gustaríanos consolidar este uso do espazo da biblioteca e máis dos seus recursos, e se cadra afondar aínda máis no mesmo.

Os horarios de uso da biblioteca terán que ter un mínimo semanal de asignacións por aula, cando menos nos cursos de primaria, para garantir a todos o acceso en exclusividade ao espazo e recursos da mesma. Tamén se ten colaborado en apoiar con recursos da biblioteca os proxectos de infantil, actividade que queremos manter, para o que mostraremos a nosa dispoñibilidade ao equipo de infantil xa ao comezo do curso.

No tocante a adquisición de materiais sempre nos mostramos atentos ás suxestións dos titores/as sobre as súas necesidades para orientarnos nas políticas de adquisición de libros. Aínda así podemos mellorar este aspecto consultando periodicamente aos ciclos sobre as políticas de adquisición de fondos, sobre os proxectos nos que se estea traballando e/ou que se teña previsto traballar, para ter previstas as necesidades e dispormos de materiais actualizados catalogados cando sexan necesarios.

Actuacións en relación coa formación de usuarios e educación para o acceso á información

Seguiremos tentando elaborar materiais como vén sendo habitual no colexio; liñas do tempo, libros LIM, secuencias en ExE learning, páxinas web...

No tocante ao proxecto documental de cara ao curso que vén teremos que propoñer un proxecto que ilusione a todo o colexio. Unha posibilidade podería ser un tema que puidese suscitar elementos científicos, pero ao tempo que permitise o traballo con elementos artísticos. Nesta liña un proxecto que se titulase “Ese punto azul pálido”, en referencia ao libro homónimo de Carl Sagan, podería ser un bo punto de partida, xa que permitiría investigar sobre a exploración espacial, sobre o concepto de vida, sobre os programas de detección de vida extraterrestre... ao tempo que daría pé a ver obras de arte (cine, literatura...) sobre a vida extraterrestre. Evidentemente esta proposta da Biblioteca podería ser modificada polo claustro, ou simplemente substituída por outra totalmente diferente, pero a nosa proposta será esta que acabamos de comentar. O que está claro é que non queremos interferir tampouco na dinámica de proxectos que se está instaurando no centro, polo que tentaremos que este proxecto sexa abordado fundamentalmente pola aulas que non teñan aínda asumida esta metodoloxía, ou, no caso de que queiran participar as aulas que si os traballan, que encaixe da mellor maneira nos seus proxectos de aula.

Pola súa banda os proxectos de infantil manteñen unha dinámica propia na que a biblioteca colabora facilitando fondos para as temáticas que se tratan neles. Este modelo ten dado bos resultados e queremos continuar na mesma liña de apoio que noutros anos.

A olimpiada do saber, concurso de procura de informacións ao través de pistas, e que é unha das actividades máis seguidas das que se propoñen dende a Biblioteca, volverá ter unha nova edición. Como todos os anos tentaremos que a temática coincida co tema sobre o que verse o PDI de centro. Os Axudantes da biblioteca continuarán realizando as súas tarefas habituais e a parte delas deberán incluír o control dos recunchos de actividades (Lego e Escornabots) e dos xogos educativos. Resulta necesario establecer cos axudantes cales son as súas funcións e acordar un sistema rotatorio que impida que todos se arremuíñen na mesa de xestión, deixando outras áreas da Biblioteca sen control. No tocante á dotación de ordenadores da biblioteca, seguimos contando con catro unidades para uso do alumnado e dous para tarefas da biblioteca (un para xestión e outro para audiovisuais). Tal e como dixemos a estes equipos cómprelle unha substitución inmediata polo seu nivel de deterioro.

Tamén instalaremos unha PDI, unha pantalla multitouch e dotaremos dunha cantidade suficiente (13-16) de tabletas que permitan a un grupo clase traballar en conxunto no espazo da biblioteca en tarefas de procura de información, elaboración de informes, etc...

Continuamos cos clubs de lectura con libros electrónicos. Os Clubs mantivéronse cos dispositivos propiedade da biblioteca do centro e cos dispositivos persoais d@s alumn@s participantes, fundamentalmente tablets. Constatamos que moitas destas tablets carecían de lectores de e-books e mesmo do acrobat reader, que houbo que instalar para poder desenvolver os traballos do club, co que sumamos un valor ao recurso electrónico do alumnado que nun principio só emprega a tablet como xogo. O proceso de carga dos libros é ás veces complexo e ocupa tempo, polo que tentaremos que os labores de carga se fagan dunha soa vez, en vez de ir cargando cada un dos libros que se van lendo. A nivel do profesorado a colaboración coa editorial Weeble, editora de libros educativos con licencia creative commons, parada nestes dous últimos anos, queremos que se volva a activar para dispormos de novos títulos no noso idioma dos que poidamos dispoñer libremente.

A materia de libre disposición sobre Alfabetización en Información en 4º e 6º de primaria xa vai polo seu terceiro ano, así que o alumnado que cursou en 4º a materia vai repetir agora en 6º. Esta circunstancia fai que este ano teñamos que cambiar a temática en 6º, que polo de agora era bastante similar a 4º, para adoptar un enfoque moito máis práctico. A valoración do funcionamento desta materia segue sendo moi positiva e pensamos que de cara ao vindeiro curso aínda pode mellorar polas circunstancias que xa sinalamos.

Traballamos sobre as dificultades do alumnado para extraer informacións dos textos, as carencias á hora de subliñar textos ou ao realizar cadros sinópticos. Tamén nos preocupa a escasa capacidade crítica que se mostra nas procuras na rede, aceptando calquera cousa que apareza publicada, polo que teremos que incidir no aspecto crítico e no dominio de programas nos que o

alumnado poida plasmar ás súas investigacións (diapositivas, mapas conceptuais, editores de texto...).

Actividades en relación co fomento da lectura e co desenvolvemento do Proxecto Lector

Continuaremos coas actividades xa postas en marcha nos cursos pasados e que acadaron unha boa valoración por parte dos usuarios e do profesorado, como son o Programa de Lectura Silenciosa e a Lectura dos Venres.

Asemade seguiremos realizando Suxestións de lectura periódicas, a maiores das que se coloquen nos Barquiños, exposicións de libros, tanto de novidades como temáticas coincidentes coas festividades e conmemoracións escolares, recomendacións de lecturas gravadas en vídeo e colgadas no blogue, e libros descolocados situados fóra dos andeis para incentivar a curiosidade dos usuarios. Outras actividades, como son Vaille co conto ao profe e Os martes... conto, con resultados que seguen sendo moi satisfactorios continuarán co mesmo modelo de organización. Tamén faremos o propio co obradoiro de conta-contos de pais/nais que deu uns resultados altamente positivos, sobre todo polo que atinxe á participación e implicación das familias no desenvolvemento lector dos seus fillos.

Como reforzo desta actividade temos desenvolvida unha política de adquisición de fondos de libros con popups moi motivadores e que xa este ano se lle están a dar un uso moi interesante, política de adquisición que continuaremos no próximo curso.

Os clubs de lectura e escritura seguirán funcionando co mesmo esquema que este ano, dado que están a dar uns froitos moi interesantes. Tal e como se dixo no apartado anterior tentaremos fomentar que se fagan lecturas en cada club empregando dispositivos electrónicos.

No apartado dos clubs queremos sinalar que neste curso, se ben non estaba programado, presentóusenos a posibilidade de realizar un reading-club coa auxiliar de conversa que se nos asignou ao centro por sermos centro plurilingüe. A actividade tivo tan boa aceptación e tantas solicitudes de participación, que en vez de facer un club cunha continuidade no tempo, renovouse o persoal tras dúas lecturas, pasando por este club de lecturas en inglés unha boa parte do alumnado de 5º e 6º curso. Evidentemente a realización desta actividade esixe unha colaboración voluntaria da auxiliar de conversa, polo que non podemos asegurar a continuidade da mesma para o vindeiro ano, pero tentaremos que a nova auxiliar empreste a súa colaboración para manter esta actividade, que para nós reviste un grande interese.

No que atinxe ao Kamishibai, durante o pasado curso realizouse no segundo curso de primaria un conto para este formato ("Un camaleón en busca de inspiración") que se presentou nas clases de infantil e primeiro ciclo e mesmo se colgou no blogue. Tamén se empregou en actividades de divulgación científica durante a semana da Ciencia en Galego. No noso proxecto para este ano aspiramos a que se manteña ou intensifique este uso que se lle dá a este recurso.

Nos clubs de escritura traballamos a realización de curtas de animación, álbums virtuais (storybird) e cómics, e que retomaremos de novo de cara ao ano próximo. Tamén tentaremos dar o salto ás gravacións de vídeo e ás stopmotions, que partillan con estes recursos un grande interese educativo e creativo.

Actuacións en relación cos avances cara a unha biblioteca inclusiva

O noso centro é un centro de referencia para a escolarización de alumnado con necesidades educativas especiais, velaí o noso interese, de sempre, polo fomento do carácter inclusivo da biblioteca. Como xa se comentou no apartado de xestión, as actuacións que se van levar no que atinxe á sinalización da biblioteca se corresponden cunha clara intencionalidade de abrir a Biblioteca ao noso alumnado con maiores problemas de comprensión.

Tamén se tentará que as políticas de adquisición de fondos teñan en conta as especificidades deste alumnado, para o que escoitaremos con atención a opinión e o consello do persoal de aula específica do noso centro.

Tamén queremos ver a posibilidade de auto-editarmos libros con ideogramas en colaboración co persoal de PT e AL do noso centro, na liña do que se deu en chamar lectura fácil.

Outras actuacións

A Web da biblioteca neste curso seguiu aportando recursos, fundamentalmente dende a páxina de proxectos. Tras a migración ás Webs dinámicas comezamos a empregar a aula virtual, pero tivemos que volver a colgar os recursos na Web posto que dende a aula virtual non estaban accesibles para toda a comunidade, e só para o alumnado matriculado en cada curso. Interésanos ter os cursos de Moodle pechados para poder avaliar o traballo do alumnado, pero tamén dar a coñecer e partillar coa comunidade de bibliotecas escolares os nosos recursos, polo que seguiremos ofrecendo os nosos traballos nas dúas plataformas.

O Blogue da Biblioteca, ata o de agora aloxado en Blogaliza, comezamos a final deste curso a editalo en Drupal. A razón deste cambio e de inserir o blogue dentro da estrutura das webs dinámicas, débese a un ciber-ataque que sufriu o noso blogue, e as medidas de seguridade toamdas polos administradores do servizo que facían inviábel manter activo o blogue en Blogaliza unha vez solucionado o ataque. Daquela o noso esforzo no futuro é promover o coñecemento deste novo espazo de comunicación.

A actividade do Mercadiño de Intercambio de Libros séguese impoñendo como unha das de maior participación por parte do alumnado, polo que seguiremos realizándoa como celebración do día do libro. Tamén se farán outras actividades como a da lectura de textos de terror no Samaín ou lecturas no comedor en datas especiais.

O punto de intercambio de libros libres no exterior do colexio segue funcionando moi ben, e procuraremos que continúe así no próximo curso. Teremos que pintala e restaurala un pouco, porque tanto tempo á intemperie a está deteriorando un pouco, pero o que está moi claro é que debemos manter esta iniciativa que tan bos resultados está a dar.

Nos parece de grande interese que o centro, impulsado dende a biblioteca, tente participar en proxectos innovadores a todos os niveis, pero fundamentalmente no que atinxe a áreas relacionadas directamente coa lectura e o acceso á información. Neste sentido a biblioteca, como ten feito ata o de agora, promoverá a participación en proxectos de innovación educativa convocados dende a administración educativa, e en especial os que dirixa á asesoría de bibliotecas.

Critérios e procedementos de avaliación

Os criterios que se marcaron en cursos anteriores seguen a ser correctos. Queremos seguir avaliando constantemente a nosa actividade, introducindo as modificacións oportunas en canto sexan detectados fallos, sen ter que esperar a unha avaliación final. Queremos manter un contacto fluído coas distintas sensibilidades do centro, recollendo as suxestións que xurdan e mesmo incitando as críticas.

En todo caso, do mesmo xeito que o ano pasado, como proceso final da avaliación tentaremos valorar unha serie de indicadores que poden informarnos do proceso final do noso traballo, como son:

1. Número de empréstanos realizados, tanto a nivel individual como nas bibliotecas de aula.
2. Nivel de participación do alumnado nos clubs de lectura e escritura
3. Participación en distintas actividades (Olimpíada do saber, concursos, vaille co conto...)
4. Número de profesorado voluntario nas actividades da biblioteca
5. Número de visitas ao blogue
6. Utilización polo profesorado dos distintos recursos que a biblioteca pon á súa disposición.
7. Calidade dos traballos realizados

Faremos enquisas de satisfacción entre o alumnado e usaremos a ferramenta de avaliación de bibliotecas escolares, para así poder avaliar a nosa proposta empregando parámetros obxectivos.

Persoa designada como responsable da Biblioteca Escolar.

A persoa que se responsabilizará da marcha da Biblioteca é Xoaquín Freixeiro Álvarez, actual encargado da mesma.

Sinalar o feito de termos un grupo estable de Apoio á Biblioteca, con mestres comprometidos no desenvolvemento das actividades, ilusionados na mellora da nosa oferta, dispostos a asumir os seus espazos de responsabilidade, o que permite garantir, por unha banda, a continuidade do traballo ano tras ano, poñendo rapidamente as actividades en marcha, así como desenvolver novos proxectos e incluír aspectos de mellora das actividades xa realizadas en cursos anteriores. Gustaríanos que este grupo puidese contar con algunha hora, dentro do seu horario laboral, adicada a labores de biblioteca, xa que hoxe por hoxe. é un traballo completamente desinteresado e realizado fóra do horario escolar, pero esta aspiración bate de fronte coas políticas de persoal da Consellería que cada día diminúen os nosos equipos docentes. Con todo contamos co apoio do Equipo Directivo do centro que sabemos que na medida das, cada vez, máis escasas posibilidades horarias, fará o posible para atender as nosas demandas

4.8.Comisión Ambiental

A comisión Ambiental está composta polos seguintes mestres:

- M^a Nieves Alejandre (Coordinadora)
- Ana María Álvarez
- Rosa Varela
- Aurea Ochoa
- Pilar Santás
- M^a Encarnación Moldes
- Manuela Álvarez
- Patricia López
- Gemma Breijo

Durante este novo curso, dende o grupo dinamizador da Axenda 21 Escolar de Galicia, buscamos darlle continuidade aos proxectos postos en marcha o ano pasado.

Entre os obxectivos que se marca a comisión están os seguintes:

- Implicar a toda a comunidade escolar (incluíndo nais/pais, alumnos/as e persoal non docente) na xestión ambiental do centro ao través do comité ambiental.
- Tomar conciencia da situación ambiental actual na nosa contorna e das posibilidades de intervención desde o noso centro e as nosas propias casas
- Desenvolver a axenda 21 escolar como paso fundamental no ensino dun consumo enerxético sustentable e razoable.
- Desenvolver o espírito de respecto cara a natureza e o de co-responsabilidade no coidado do planeta.
- Incorporar os programas da Axenda 21 aos diferentes documentos do centro, como o do Plan de Acollida.
- Dar comezo ás novas actividades propostas polo comité ambiental.
- Dar a coñecer as actividades que se levan a cabo no centro.
- Continuar traballando e mellorando as distintas actividades postas en marcha.
- Mellora das actividades encamiñadas a diminución do ruído ambiental
- Comprobar a boa marcha do proxecto e avaliar en distintos momentos do proceso a súa efectividade introducindo as medidas correctoras pertinentes.
- Mellorar o nivel de participación dos alumnos, non só na realización das actividades, senón tamén na toma de decisións para buscar novas formas de promoción e motivación .
- Continuar coa actividade do eco-cine que comezamos a poñer en marcha o ano pasado.
- Actualizar periodicamente contidos na web do colexio e no blogue da Axenda 21 referidos á educación ambiental e facela máis atractiva cara ao público para fomentar o seu uso e colgar nela actividades e xogos con esta temática.
- Fomentar a investigación n@s alumn@s

4.9 Grupo TIC

Mestres que forman parte do grupo TIC:

Xoaquín Freixeiro (coordinador)
Cristina Delgado
M^a Ángeles Guitián
Mercedes Gallego
M^a Carmen García
Concepción Moldes
Patricia López
Diego Lorenzo
M^a Teresa Lorenzo
Elisa Puente

Como principais liñas de acción deste grupo están:

- Posta en marcha do proxecto TIC
- A difusión de recursos TIC na práctica docente
- A dotación de medios materiais para a práctica docente
- A optimización dos recursos informáticos
- A dinamización da páxina Web do centro e dos distintos blogues xa existentes

Dado que o centro forma parte do proxecto EDIXGAL, de implantación do libro dixital, os nosos esforzos estarán centrados na implementación do mesmo en quinto e sexto curso de primaria, e focalizaremos o noso traballo para acadar unha formación adecuada do profesorado no manexo e xestión dunha aula dixital e na reforma metodolóxica que un cambio de paradigma educativo como este debería supor.

Tentaremos afondar, co profesorado implicado no proxecto, no coñecemento da ferramenta de autor que fornece a aplicación do espazo virtual, xa que é unha moi interesante fonte de recursos que todos e todas deberíamos manexar como complemento das actividades que se ofrecen nas distintas editoriais.

Tamén se fará un esforzo importante na dotación de material informático, centrado como reflicte o proxecto do equipo directivo, na dotación de PDI nas aulas de infantil e idiomas e na unificación de criterios a respecto dos programas e sistemas operativos a empregar no centro.

A aula de informática terá un horario que permitirá a todas as aulas do centro ter algunha hora de traballo nela, e tentaremos que os protocolos de uso e o desenvolvemento de boas prácticas de coidado do material se xeneralicen en todos os usuarios da sala.

Os ordenadores desta aula teñen instalado Xubuntu, unha distribución de baixas esixencias técnicas e que permiten traballar bastante ben con estes equipamentos xa bastante vellos.

No que atinxe á sala de ordenadores para mestres tentaremos mellorar os equipamentos cos que está dotada, e procuraremos ter un mantemento máis sistemático que en cursos pasados.

Tamén nesta sala tentaremos que os protocolos de uso sexan os aprobados no plan TIC, evitando, por exemplo un mal uso das impresoras, que os ordenadores queden acesos na fin de semana ou fóra do horario escolar, etc...

Dado que todos os anos acontecen infeccións dos equipamentos, dende este grupo ofreceuse a posibilidade de migrar a Linux pero atopámonos con unha certa resistencia, polo que, polo de agora, non se fará esta migración.

O que si faremos será dar unhas clases de iniciación en Linux a todo o profesorado que queira, para que se lle tire todo o proveito posíbel aos ordenadores que teñen este sistema operativo instalado.

Por outra banda, e dado que na Biblioteca se está comezando a traballar en robótica e impresión 3D, haberá que facer un esforzo de formación nestes ámbitos para que todo o profesorado do centro se encontre capacitado a un nivel básico nestes campos.

4.10 Plurilingüismo

O curso pasado 2016/2017 foi o primeiro ano no que o CEIP Condessa de Fenosa se uniu á Rede de Centros Plurilingües polo tanto, este é o 2º curso que participamos neste programa.

Para pertencer a dito programa, eliximos impartir a área de Educación Plástica en Lingua Estranxeira (Inglés) comezando o ano pasado no 1º curso de Educación Primaria.

Na actualidade, se imparte dita área en Inglés tanto no 1º como no 2º curso de Educación Primaria. Sucesivamente se irá implantando nos cursos superiores ata que chegue o momento de que a mencionada área sexa impartida en Lingua Estranxeira en toda a etapa de Primaria.

O pertencer á Rede de Centros Plurilingües, o centro conta cun/cunha auxiliar de conversa que está no centro dende outubro ata maio.

A/O auxiliar de conversa permanece no centro durante 12 horas semanais que nos distribuimos de luns a xoves das 10:00 horas ás 13:30 horas.

Durante esas sesións a auxiliar de conversa está acompañada en todo momento dun mestre/-a especialista en Inglés.

Como consideramos importante que a maioría do alumnado se beneficie de ter un modelo nativo de fala inglesa, o/a auxiliar acode ás horas de Educación Plástica nos cursos de 1º e 2º curso de Educación Primaria e a unha hora semanal na área de Lingua Estranxeira dende 3º a 6º curso de Educación Primaria. Deste xeito, completa ás 12 horas semanas correspondentes e todas as aulas de Primaria poden contar con ese referente durante unha hora semanal ó longo de todo o curso.

Tendo en conta a experiencia do curso pasado, podemos dicir que é unha experiencia moi motivadora para o alumnado xa que poden contar cun modelo auténtico da lingua a traballar.

Ademais, é unha fonte enriquecedora de información sobre as tradicións dos países de fala inglesa o que lle permite ó alumnado, comparar e comprobar as diferentes manifestacións culturais existentes noutros países.

En relación o funcionamento do Programa, se temos en conta ó curso pasado, podemos dicir que foi axeitado xa que, dende o momento en que a auxiliar foi nomeada, esta estivo en contacto por correo electrónico co centro e a coordinadora do programa co cal, cando o Director foi a Santiago para acudir á reunión na que se dan as directrices a seguir, xa coñeciamos a súa situación e ela xa sabía o funcionamento do noso centro.

Se temos en conta o actual curso académico 2017/2018, temos que dicir que estamos descontentos porque aínda estamos pendentes de que nos manden un/unha auxiliar de conversa xa que na Administración se esqueceron de que nós e non nomearon a ninguén. Cando se deron conta do erro cometido e trataron de asignarnos a unha persoa, esta renunciou á praza e ó programa por motivos persoais.

A día de hoxe seguimos esperando aínda que dende Santiago nos dixeron que tratarían de solucionar o problema á maior brevidade posible.

Obviamente, consideramos que ó ser un Centro Plurilingüe, xa deberíamos ter á/o auxiliar aquí.

No que se refire a figura do/da auxiliar de conversa, á nivel oficial, se fai un seguimento trimestral da súa asistencia.

O certificado correspondente se envía a Santiago ó final de cada trimestre.

A nivel do centro, ademais de comprobar se ten unha asistencia constante, tamén se fai un seguimento diario baseado principalmente na observación directa na que se avalía a súa iniciativa, participación e interese nas distintas actividades organizadas no centro así como a súa integración e afinidade co alumnado.

Ademais, tamén se fan cuestionarios sinxelos nos que o alumnado pon de manifesto a súa opinión sobre as actividades que realizaron con el/ela e se lles parece importante contar cun referente diferente.

Dende logo, o alumnado estivo encantado de contar cunha persoa nativa que lle contase as súas experiencias e, a día de hoxe, preguntan se vai volver para o cole.

Ó rematar ó curso, dende a Administración tamén se nos pide que presentemos unha memoria final sobre o programa así como un cuestionario no que nos temos que valorar tanto o programa como a figura do/da auxiliar.

5. Organización do centro

5.1. Organización do profesorado

Equipo de Ensino Infantil		Equipo de 1º Ciclo de Primaria	
Curso: Infantil 3 anos A Infantil 3 anos B Infantil 4 anos A Infantil 4 anos B Infantil 5 anos A Infantil 5 anos B Apoio inf. (pscm e mús) Apoio infantil (inform.) AL	Coordinadora: Noelia Maceda Cristina Delgado Mª Angeles Guitián Mª Nieves Alexandre Sonia González Mª Nieves Escuredo Mercedes Molina Teresa López Noelia Maceda Gema Breijo	Curso: 1ºA 1ºB 2ºA 2ºB Lingua Inglesa EM AL	Coordinadora: Rosa Varela Aurea Ochoa Rosa Varela Aurora Delgado Mª Carmen Martos Mercedes Gallego Xoaquín Freixeiro Marta Gayoso
Equipo de 2º Ciclo de Primaria		Equipo de 3º Ciclo de Primaria	
Curso: 3ºA 3ºB 4ºA 4ºB Educación Física PT Relixión Orientación	Coordinador: Modesto Rodríguez Carmen García Pilar Santás Mª Encarnación Moldes Joel Davila Modesto Rodríguez Ana Mª Álvarez Mª del Socorro Robles Natalia Longo	Curso: 5ºA 5ºB 6ºA 6ºB Inglés Matemáticas PT	Coordinador: Luis Fernández Diego Lorenzo Concepción Moldes Teresa Lorenzo Patricia López Manuel Fco. Gómez Francisco Pérez Elisa Puente Diana Gómez

Equipo de Orientación	
Curso: AL AL PT PT PT PT PT PT Orientadora	Coordinadora: Natalia Longo González Marta Gayoso Gemma Breijo Diana Gómez Manuela Álvarez Ana María Álvarez Elisa Puente Rubén López Natalia Longo

Comisión de Coordinación Pedagóxica		Equipo de normalización lingüística	
Director Ensinio Infantil 1º Ciclo 2º Ciclo 3º Ciclo Xefatura de Estudos Orientación Activ. Comp. e Ex. Equipo de Norm. Axenda 21 Biblioteca	Francisco Pérez Noelia Maceda Rosa Varela Modesto Rodríguez Patricia López Xoaquín Freixeiro Natalia Longo Modesto Rodríguez Aurora Delgado Mª Nieves Alejandre Mª Carmen García	Ensinio Infantil 1º Ciclo 2º Ciclo 3º Ciclo	Coord: Aurora Delgado Noelia Maceda Nieves Escuredo Aurora Delgado Xoaquín Freixeiro Marta Gayoso Mª Encarnación Moldes Diana Gómez Manuel Fco. Gómez Rubén López
Equipo de apoio á biblioteca		Comisión Ambiental	
Ensinio Infantil 1º Ciclo 2º Ciclo 3º Ciclo	Coord: Xoaquín Freixeiro Sonia González Mercedes Molina Mercedes Gallego Mª Carmen Martos Mª Carmen García Concepción Moldes Elisa Puente	Ensinio Infantil 1º Ciclo 2º Ciclo 3º Ciclo	Coord: Mª Nieves Alejandre Mª Nieves Alejandre Mª Teresa López Gemma Breijo Manuela Álvarez Rosa Varela Aurea Ochoa Pilar Santás Mª Encarnación Moldes Ana María Álvarez Patricia López

Grupo TIC (EDIXGAL e Abalar)	
Ensinio Infantil 1º Ciclo 2ª Ciclo 3º Ciclo	Coordinador: Xoaquín Freixeiro Cristina Delgado Mª Ángeles Guitián Xoaquín Freixeiro Mercedes Gallego Mª Carmen García Concepción Moldes Patricia López Diego Lorenzo Mª Teresa Lorenzo Elisa Puente

Quendas de Recreo e Gardas de Transporte:

	Luns	Martes	Mércores	Xoves	Venres
Patio Infantil	Manuela Álvarez Diana Gómez Gema Breijo	Cristina Delgado Teresa López Mª Socorro Robles	Sonia González Noelia Maceda María Alejandre	Nieves Escuredo Ana Mª Álvarez Elisa Puente	Mercedes Molina Marta Gayoso Mª Ángeles Guitián
Patio Primaria	Aurea Ochoa Rosa Varela Diego Lorenzo	Teresa Lorenzo Concepción Moldes Joel Davila	Pilar Santás Carmen García Manuel Fco. Gómez	Encarnación Moldes Carmen Martos Rubén López	Patricia López Aurora Delgado Mercedes Gallego Xoaquín Freixeiro

5.2. Organización do alumnado

O agrupamento dos alumnos/as realizarase por orde alfabética, evitando sempre o agrupamento por coñecementos, rendemento e nivel intelectual, sen menoscabo da necesaria flexibilidade e heteroxeneidade.

Con todo recoméndase, atendendo a razóns psicopedagóxicas, a escolarización en grupos distintos dos irmáns xemelgos.

Se no momento de se incorporar ao centro no nivel de ensino infantil, fose necesario agrupar a alumnos de idades distintas, consideraremos como factor determinante a data de nacemento.

Distribución dos alumnos							
Ensino Infantil		1º ciclo primaria		2º ciclo primaria		3º ciclo primaria	
EI3aA	21	1ºA	16	3ºA	17	5ºA	23
EI3aB	22	1ºB	17	3ºB	19	5ºB	23
EI4aA	18	2ºA	20	4ºA	21	6ºA	23
EI4aB	21	2ºB	22	4ºB	22	6ºB	25
EI5aA	15	Total	75	Total	79	Total	94
EI5aB	14	Total Ensino Primario: 248					
Total EI	111						
Total alumnado do centro 359							

5.3 Organización do persoal non docente

O persoal non docente do noso centro componse de:

Cociñeira	Prada García, Pilar
Axudantes de cociña	Méndez García, Ramona Moldes Fernández, Ángela Pérez Rodríguez, María
Auxiliar administrativa	Álvarez Janeiro, M ^a Isabel
Conserxe	Vázquez Crespo, Emilio José
Coidadoras	González Salgado, María Begoña, Pérez Teijeiro, María Emilia

Os horarios do persoal non docente é coincidente co horario de apertura do centro, de 10 a 17 h., agás no caso do conserxe que é de 9h a 17:30h.

A coordinación das súas tarefas está relacionada, no caso do persoal de cociña no apartado de comedor, e o das coidadoras no plan de orientación.

O Conserxe depende directamente do Director do centro e a organización das tarefas da auxiliar administrativa corresponde á secretaria do centro.

5.3. Órganos de goberno**5.3.1. Órganos unipersoais**

Cargo	Nome	Horario de atención ao público
Dirección	Francisco Pérez Lemos	Tódolos días de 11:10 a 12:05
Xefatura de Estudos	Xoaquín Freixeiro Álvarez	Tódolos días de 10:00 a 11:10
Secretaría	Mercedes Gallego Delgado	Tódolos días de 12:35 a 13:30

5.3.2. Órganos colexiados

Consello escolar	
Director	Francisco Pérez Lemos
Xefe de estudos	Xoaquín Freixeiro Álvarez
Secretario	Mercedes Gallego Delgado
Representantes dos mestres	Teresa López Guitián Concepción Moldes Carriba Cristina Delgado Delgado Elisa Puente Murias Luis Fernández Gudiña
Representantes dos pais/nais	Juan Ruíz González M ^a del Rosario García Rodríguez M ^a Antonia Rodríguez Docampo M ^a Remedios Barros Núñez Verónica Reigada Justo (ANPA)
Representantes do persoal non docente	María Emilia Pérez Teijeiro
Representante do concello	Diana Urdangaray Díaz

Calendario de reunións: Reunirase cando menos unha vez por trimestre.

Claustro de profesores	
<p>Ensino infantil: Molina Tato, Mercedes Alejandre Lorenzo, M^a Nieves Escuredo López, María Nieves González Carracedo, Patricia López Guitián, Teresa González González, Sonia Maceda Gallego, Noelia Delgado Delgado, Cristina Álvarez Lana, Manuela Breijo Calvo, Gemma</p>	<p>1º Ciclo de Ensino Primario Piña de la Fuente, M.^a José Delgado Pérez, Aurora Varela Gómez, Rosa Ochoa Ochoa, Aurea Gallego Delgado, M^a de las Mercedes Freixeiro Álvarez, Xoaquín C. Gayoso Ríos, Marta Natalia Longo</p>
<p>2º Ciclo de Ensino Primario Santás Rodríguez, Pilar García Fernández, M^a del Carmen. Davila Pérez, Joel Moldes Cobelas, M^a Encarnación Álvarez Silva, Ana María Rodríguez Centrón, Modesto Robles Castro, M^a del Socorro Gómez González, Diana</p>	<p>3º Ciclo de Ensino Primario López López, Patricia Lorenzo Conde, Teresa Lorenzo Muñoz, Diego Moldes Carriba, Concepción Gómez Vidal, Manuel Fco. Pérez Lemos, Francisco Puente Murias, Elisa</p>

Calendario de reunións:

O Claustro de profesores reunirase cando menos unha vez ao trimestre.

O profesorado atenderá a pais/nais tódolos martes de 17:00 a 18:00 h. preferentemente solicitando previamente a cita.

6. Organización de recursos

<i>Espazos</i>	
Biblioteca	Localizada na planta baixa do edificio central, úsase para lectura en sala, empréstito, actividades de animación á lectura (os martes conto, vaille co conto ao profe), traballos de investigación (a hora dos deberes). Danse nela clases de alternativas á relixión e de Alfabetización en Información, materia de libre configuración para o centro que se imparte en 4º e 6º de primaria, e ten un horario para o seu uso didáctico polos distintos titores (sesións de escritura creativa e lecturas colectivas).
Aula de informática	Con 25 ordenadores conectados en rede, e situada no primeiro andar do edificio central, úsase para clases de iniciación á informática en ensino infantil. Úsase así mesmo como recurso didáctico polos distintos titores para traballar temas curriculares no horario dispoñible. Os ordenadores teñen instalado unha distribución en base Debian chamada MiniNo, que permite un aproveitamento maior dos equipamentos, xa que os seus requisitos técnicos son bastante baixos.
Aula de psicomotricidade	Situada na planta baixa, ao fondo do salón de actos, esta aula está equipada para a realización de actividades de psicomotricidade cos alumnos de infantil, a mais de se usar para realizar apoios psicomotrices a alumnos/as con discapacidade.
Aula de inglés	A aula de idiomas sitúase no primeiro andar do edificio, xunto á aula de informática e de música. Non todas as clases de idiomas se poden dar nesta aula (hai un total de 38 horas de idioma por un máximo de 25 horas de ocupación) polo que se priorizou o seu uso para os cursos máis altos. Dotouse de ordenador, proxector, pantalla e sonorización.
Aula de PT (2º andar)	Dada a desaparición do programa de lingua e cultura portuguesa, esta aula pasa a ser utilizada para clases de apoio realizadas por persoal de PT e mestres non especialistas nesta área, dentro do programa de mellora da lectura da escritura e o cálculo
Salón de actos	Equipado con materiais audiovisuais, megafonía e escenario encóntrase na planta baixa do edificio. A máis de se empregar para a realización de festivais (nadal, letras galegas, teatro...) conta cunha aceptable programación de conferencias, proxección de vídeos educativos, exposicións.
Pavillón multiusos	Empregado para as clases de Educación Física de primaria. En horario de recreo, e baixo a supervisión do profesor Modesto Rodríguez Centrón, realízanse actividades lúdico-deportivas. Realízanse tamén actividades extraescolares organizadas pola ANPA ao mediodía (multideporte), e outras organizadas polo concello (ximnasia rítmica e fútbol sala) a partires das 17h.
A casaña	Edificio anexo ao colexio, antiga casa do conserxe, está equipado cunha casa de baño adaptada para as necesidades especiais dos alumnos/as con NEE. Neste edificio hai catro aulas (3 de PT e unha de AL) a máis do despacho da orientadora, no que se pretende colocar unha dependencia da biblioteca onde se concentre a bibliografía relativa a temáticas educativas. Dado o número de casos de alumnos con necesidades educativas especiais, e dentro deles, os que cómpren de aula específica, o espazo volveuse totalmente insuficiente para as necesidades do centro. Para resolver este problema habilitáronse aulas para PT e AL na ampliación do segundo andar do edificio principal, unha como aula específica de PT e outra compartida como almacén de material didáctico e para desdobres nas horas de alternativas á relixión.
Local ANPA e cuarto coidadoras	Este pequeno cuarto, nun principio o camerino do escenario do Salón de actos, dispón de 1 ordenador portátil. Nel realizan as súas reunións e traballos os pais/nais da ANPA do centro.
Aula de Música	Situada no primeiro andar, canda as aulas de inglés e informática, conta dunha dotación de instrumentos Orff, radiocasette con CD, teclado, pizarra con pentagramas, illamento acústico, teclado eléctrico e guitarra acústica.

Aula Material Didáctico	Unha das aulas da ampliación do 2º andar do edificio vaise adicar como almacén dos recursos didácticos do colexio (balanzas, regras, mapas, láminas educativas, homes clásicos...). Tamén se emprega para desdobres en atención educativa e para clases de PT e AL.
Aula recursos mestres	Nesta aula almacénase material de papelería para uso do profesorado, dispónse de taquillas persoais e 5 ordenadores (4 fixos e un portátil), impresoras (1 de xel en cores e 2 láser b/n) e escáner para a realización de traballos docentes.
Aulas de desdobres	Con motivo da redución de cursos, e en concreto coa desaparición de 3ºC, a aula que esta clase ocupaba, máis a que usou o extinto 6ºA pasaron a servir para aula de PT e locais para apoios. A primeira das aulas sitúase no 1º andar, fronte do ascensor, e a segunda é unha das aulas da zona ampliada recentemente.
Aulas Abalar	Con motivo da posta en marcha do proxecto Abalar e a adhesión do centro a este proxecto, contamos con 4 aulas equipadas con miniportátiles do alumnado, portátil do profesor, PDI, carro de carga e rede WiFi.
Almacéns	Emprégase como almacén o garaxe da antiga casa do conserxe e máis o novo construído nun anexo ao pavillón.

7. Programa anual de actividades complementarias e extraescolares

7.1. Actividades complementarias

Xefe de Actividades Complementarias : Modesto Rodríguez Centrón

Mes	Ano	Actividade
novembro	2017	Celebración da festa do Magosto e Samaín
decembro	2017	Festival de Nadal
decembro	2017	Participación en festivais de panxoliñas
xaneiro	2018	Celebración do Día da Paz
febreiro	2018	Celebración do Entroido
marzo	2018	Celebración do día da árbore
abril	2018	Celebración do día do Libro
abril	2018	Semana da Natureza
maio	2018	Mes das Letras Galegas
maio	2018	Excursións de fin de curso
xuño	2018	Festa fin de curso organizada pola ANPA
3º trimestre	2018	Clases natación terceiro curso de primaria
2º trimestre	2018	Proxecto documental
todo o curso	2017-18	Actividades de dinamización da Biblioteca*
todo o curso	2017-18	Participación na axenda 21*
todo o curso	2017-18	Programa de saídas didácticas “coñece o teu contorno”, con dúas saídas por nivel
todo o curso	2017-18	Xornadas de xogos populares da Deputación

* A máis das actividades organizadas polos equipos de dinamización lingüística, Biblioteca e Axenda 21, e aquelas outras que poidan xurdir durante o curso dentro do programa Piteas.

7.2.Actividades extra-escolares

Realízanse no antigo almacén de material deportivo (antes da inauguración do pavillón multi-usos), na aula de psicomotricidade, na de informática, na de música e na de usos múltiples do primeiro andar, sendo promovidas pola ANPA coa colaboración do coordinador de actividades extra-escolares.

A definición das actividades a realizar, os seus profesores e os horarios determínanse ao longo do mes de outubro, e dan inicio no de novembro.

Sinalar tamén a existencia dunhas actividades programadas polo Concello do Barco que se desenvolven no pavillón polideportivo (xogos deportivos) e na aula de informática (Informática). Tamén patrocinada polo concello danse clases de inglés de iniciación, e de natación, esta actividade realizada nas instalacións da piscina municipal.

8. Plan para a realización do transporte escolar e o regulamento da organización do servizo de comedor.

8.1.- Transporte escolar

EMPRESA	ITINERARIO	PARADA
ATVISA	N. 1	Veigamuíños,
	N. 2	Vilariño, Soulecín, A Proba
	N. 3	O Castro, Outarelo, Vilanova, A Cerámica, As Monxas
AUPSA	N. 4	Alixo, Raxoá, Millarouso, Coedo
	N. 5	Santa Mariña, Cesures, Vales, Arnado, Vilabril, Santigoso
	N. 6	Éntoma, O Cemiterio, Ucediños
Perfecto Núñez	N. 7	Xagoaza, Tremiñá

Neste curso, todas as liñas do transporte escolar contan con coidadoras que aseguran a posibilidade de transporte dos alumnos e alumnas de 3 anos.

8.2.- Comedor escolar

Persoal

O persoal encargado do Comedor do C.E.I.P. "Condessa de Fenosa" está integrado por:

1. O **director** do centro, Francisco Pérez Lemos, que supervisa o funcionamento.
2. A **encargada de comedor**, Pilar Prada Rodríguez, que organiza o servizo de comidas
3. O **persoal colaborador** composto por:
 1. As **nais colaboradoras**, que atenden as necesidades que xorden no tempo de comedor, e que velan porque se cumpran as normas.
 2. Os **nenos /as de 5º e 6º** usuarios do comedor, como axudantes.
4. O **persoal laboral** composto por unha cociñeira e tres axudantes de cociñeira.
5. **Monitores especializados** para levar a cabo as actividades extra-escolares ofertadas pola A.N.P.A e polo Concello.
6. Dúas **auxiliares técnico educativas**, que atenden ás necesidades dos nenos/as con n.e.e. ao seu cargo.

O servizo de comedor escolar é de luns a venres en horario de 13.30 a 15.30 e desde as 14:15 ata as 15:15 (nos meses de xuño e setembro).

Neste curso son usuarios do comedor:

- 330 alumnos
- 20 profesores
- 10 coidadoras
- 4 cociñeiras
- 2 coidadoras
- 1 auxiliar administrativo

Seguimos a ser colexio colaborador no **Programa Educativo 5 ao día** pertencente á Campaña de Promoción do Consumo de Froitas e Hortalizas Frescas no Mercado Interior. Por este motivo desde o colexio promoveremos o consumo diario de ao menos 5 racións de froitas e hortalizas frescas entre a poboación escolar, tentando ao mesmo tempo de concienciar ao alumnado sobre os beneficios que comporta para a saúde.

En canto ao funcionamento do servizo de Comedor, a normativa básica contéplase no Plan de funcionamento do mesmo, baseado no marco do **Decreto 132/2013, do 1 de agosto**, polo que se regula o funcionamento dos Comedores escolares nos centros docentes públicos non universitarios dependentes da Consellería de Educación e Ordenación Universitaria.

Así mesmo baséase no cumprimento das esixencias establecidas na **regulamentación técnico-sanitaria para comedores colectivos**.

Obxectivos xerais do comedor escolar

O comedor escolar é un espazo educativo onde os nenos/as aprenden hábitos alimenticios e normas de comportamento social na mesa. Este espazo permite, de forma efectiva e racional, aprender a comer. No Comedor Escolar foméntase unha actitude positiva cara unha alimentación saudable, partindo do estímulo que xera a aceptación das comidas por parte dos outros compañeiros/as.

No Comedor Escolar do CEIP “Condesa de Fenosa” tentaremos de :

- Potenciar unha oferta apetitosa, variada e de boa presentación, onde estean presentes factores culturais da nosa comunidade (orellas, ovos de Pascua, Aguinaldo).
- Incluír alimentos de todos os grupos para favorecer a dixestión e o contacto cos mesmos.
- Buscar a variación na cor, textura e métodos de cociñado.
- Valorar aspectos relacionados coa satisfacción do “comer con gusto”, de compartir e comunicarse.
- Proporcionar a toda a Comunidade Educativa, na medida das posibilidades, un servizo básico e cotián que facilite a conveniencia do traballo diario.
- Aproveitar os procedementos establecidos pola Administración para ofrecer un servizo asistencial a determinados casos cun medio socioeconómico desfavorable.
- Atender ca mesma eficacia en canto a servizo alimentario, educativo e da saúde, na medida dos recursos cos que contamos, ao alumnado con alerxias, discapacitado ou que proveña doutras culturas.

Obxectivos específicos do comedor

- Subministrar un menú gastronómico a medio día equilibrado, variado e completo.
- Promover valores de respecto, urbanidade, valoración do traballo dos demais, uso de utensilios en función da súa estrita finalidade, aceptación mutua, compañeirismo e comprensión das vantaxes dunha boa relación na mesa.
- Promover hábitos adecuados en torno ao servizo, manipulación hixiénica dos alimentos, dominio dos xestos, da voz e do propio corpo para garantir a urbanidade adecuada no acto alimenticio.
- Promover diferentes habilidades: uso específico e efectivo dos cubertos, coñecemento dos alimentos, das propiedades nutritivas dos mesmos e das conveniencias mais saudables.
- Organizar o tempo de lecer como un espazo educativo de actividades non derivadas das propias obrigacións escolares: xogo libre, biblioteca, xogos de mesa, pintura...
- Fomentar a participación nas actividades en grupo respectando ás persoas, as normas, os materiais e os espazos.

Canles de información

- Profesorado: Taboleiros informativos, reunións...
- Pais e nais: notas informativas, páxina web do colexio.
- Nenos/as: Taboleiros informativos do comedor, avisos directos.

9.- Presuposto do centro

Conceptos	Ingresos	Gastos	Saldo
Consellería de Educación	46000		
Reparación e conservación de mobiliario e enseres		12100	
Mantenemento e adquisicións da aula de informática		4000	
Material de oficina		4000	
Subministracións		7900	
Comunicacións		1700	
Excursións		7000	
Biblioteca		5600	
Gastos diversos		1050	
Saldo estimado ao remate do curso 2017-18			2650

Nos últimos anos o incremento do prezo do combustible, as perdas de calor no edificio polo mal estado das ventás e o incremento da superficie a quentar pola presenza de Pavillón Multiusos, fixeron que o orzamento do centro resultase completamente insuficiente para facer fronte aos gastos ordinarios. A única razón de que ata o de agora se puidese pagar a provedores e manter unhas mínimas condicións de habitabilidade no inverno, foi a existencia de remanentes de anos anteriores que no momento presente están esgotados.

Esta Programación Xeral Anual foi aprobada polo Claustro e Consello Escolar de Centro

Vº e Prace

O Director

O inspector de zona

Anexos

RELACIÓN DE LIBROS DE TEXTO E MATERIAL DIDÁCTICO IMPRESO

CURSO 2017/2018

Curso	Área	Título,autor, editorial e ano de publicación	ISBN	Lingua	PGLT
3 anos	L.Inglesa	Daisy,Robin and me.Green.CB.PK Starter	9780194806626	I	Non
4 anos	Proxecto	Malvados de Cuentos.Ed.Edelvives	978-84-263-9187-2	C	Non
4 anos	L.Inglesa	Daisy,Robin and me.Green.CB.PK CDA	9780194806435	I	Non
4 anos	Matemáticas	A aventura dos números 3. Ed.Paraninfo	978-84-103-1242-6	G	Non
4 anos	Matemáticas	A aventura dos números 4. Ed.Paraninfo	978-84-103-1243-3	G	Non
5 anos	Proxecto	O horto.Ed. Edelvives	978-84-9046-193-8	G	Non
5 anos	L.Inglesa	Daisy,Robin and me.Green.CB.PK CDB	9780194806534	I	Non
5 anos	Grafomotricidade	Caderno de grafomotricidade 4.Ed.Edelvives	978-84-263-8018-0	G	Non
5 anos	Matemáticas	A aventura dos números 5. Ed.Paraninfo	978-84-403-1244-0	G	Non
5 anos	Matemáticas	A aventura dos números 6. Ed.Paraninfo	978-84-403-1245-7	G	Non
1ºEP	Ling. nat.,soc	Xuntos. 1º Trimestre.Begoña Pérez e varios Ed.Anaya	9788467847284	G	Si
1ºEP	Ling. nat.,soc	Xuntos. 2º Trimestre. Begoña Pérez e varios Ed.Anaya	9788467847291	G	Si
1ºEP	Ling. nat.,soc	Xuntos. 3º Trimestre. Begoña Pérez e varios Ed.Anaya	9788467847307	G	Si
1ºEP	Ling. Castelá	Lengua 1.Caderniño 1.Aprender es crecer.Ed.Anaya	9788467845280	C	Si
1ºEP	Ling. Castelá	Lengua 1.Caderniño 2.Aprender es crecer.Ed.Anaya	9788467845297	C	Si
1ºEP	Ling. Castelá	Lengua 1.Caderniño 3.Aprender es crecer.Ed.Anaya	9788467845303	C	Si
1ºEP	Matemáticas	Aprender es crecer. Cristina Díaz et al. 1º T. Ed.Anaya	9788467865035	C	Si
1ºEP	Matemáticas	Aprender es crecer. Cristina Díaz et al. 2º T. Ed.Anaya	9788467865035	C	Si
1ºEP	Matemáticas	Aprender es crecer. Cristina Díaz et al. 3º T. Ed.Anaya	9788467865035	C	Si
1ºEP	L.Inglesa	Quest 1. Pupil's book. J.Corbett-T O'Farrel (MacMillan)	9780230478978	I	Si
1ºEP	L.Inglesa	Quest1.Activity book. J.Corbett-T O'Farrel (MacMillan)	9780230477711	I	Non
1ºEP	Relixión	Relixión. María A.Andrés. Ed.Anaya	9788467876048	C	Si
2ºEP	Ling. nat.,soc	Xuntos. 1º Trimestre.Begoña Pérez e varios Ed.Anaya	9788467877175	G	Si
2ºEP	Ling. nat.,soc	Xuntos. 2º Trimestre. Begoña Pérez e varios Ed.Anaya	9788467877182	G	Si
2ºEP	Ling. nat.,soc	Xuntos. 3º Trimestre. Begoña Pérez e varios Ed.Anaya	9788467877199	G	Si
2ºEP	L.Castelá	Non habrá libro de texto nin caderniños			
2ºEP	Matemáticas	Aprender es crecer.Emma Pérez M. 1ºT.Ed.Anaya.	9788467874228	C	Si
2ºEP	Matemáticas	Aprender es crecer.Emma Pérez M. 2ºT.Ed.Anaya.	9788467874228	C	Si
2ºEP	Matemáticas	Aprender es crecer.Emma Pérez M. 3ºT.Ed.Anaya.	9788467874228	C	Si
2ºEP	L.Inglesa	Quest 2. Pupil's book. J.Corbett-T O'Farrel (MacMillan)	9780230478985	I	Si
2ºEP	L.Inglesa	Quest2.Activity book. J.Corbett-T O'Farrel (MacMillan)	9780230477728	I	Non
2ºEP	Relixión	Relixión. María A.Andrés. Ed.Anaya	9788467876062	C	Si
3ºEP	Matemáticas	Matemáticas 3 Aula Activa.J.Fraile. Ed.Vicens Vives	9788468220505	C	Si
3ºEP	Sociais	Sociais3 Aula Activa.M. García,C.Gatell.Ed.Vicens Vives	9788468237893	G	Si
3ºEP	Naturais	Naturais 3 Aula Activa.Mª J. Mtez, J.Serra. .Vicens Vives	9788468234588	G	Si
3ºEP	L.Galega	Lingua3 Aula Activa.M. Dávila, M.C Mtez.Vicens Vives	9788468221083	G	Si
3ºEP	L.Castelá	Lengua3 Aula Activa.P. Celis, J.Canto. Ed.Vicens Vives	9788468220529	C	Si
3ºEP	L.Inglesa	Quest 3. Pupil's book. J.Corbett-T O'Farrel (MacMillan)	9780230477735	I	Si
3ºEP	L.Inglesa	Quest3.Activity book. J.Corbett-T O'Farrel (MacMillan)	9780230478695	I	Non
3ºEP	Relixión	Relixión. María A.Andrés. Ed.Anaya	9788467818994	C	Si
4ºEP	Matemáticas	Matemáticas 4 Aula Activa.J.Fraile. Ed.Vicens Vives	9788468228815	C	Si
4ºEP	Sociais	Sociais4 Aula Activa.M. García, C.Gatell.Vicens Vives	9788468228983	G	Si
4ºEP	Naturais	Naturais4 Aula Activa. M. García, C.Gatell. Vicens Vives	9788468228433	G	Si
4ºEP	L.Galega	Lingua 4 Aula Activa. M. Dávila, M.C Mtez.Vicens Vives	9788468228679	G	Si
4ºEP	L.Castelá	Lengua4 Aula Activa.P.Celis, J. Canto.Vicens Vives	9788468228358	C	Si
4ºEP	L.Inglesa	Quest 4. Pupil's book. J.Corbett-T O'Farrel (MacMillan)	9780230477742	I	Si
4ºEP	L.Inglesa	Quest4.Activity book. J.Corbett-T O'Farrel (MacMillan)	9780230478701	I	Non
4ºEP	Relixión	Relixión. María A.Andrés. Ed.Anaya	9788467819038	C	Si

Para os cursos de 5º e 6º de Educación Primaria NON É PRECISO mercar libros de texto xa que se traballará de forma dixital dentro do proxecto EDIXGAL da Consellería de educación da Xunta de Galicia .

O material que o alumnado necesite no seu momento, será solicitado polos titores / titoras correspondentes.

PLAN DE FUNCIONAMENTO DO COMEDOR ESCOLAR

INTRODUCCIÓN

NORMATIVA BÁSICA

DESTINATARIOS

MODALIDADE DE XESTIÓN

SOLICITUDE DE PRAZA DO SERVIZO DE COMEDOR ESCOLAR

ORGANIZACIÓN E FUNCIONAMENTO

- PERSOAL
- FUNCIÓNS DAS PERSOAS VINCULADAS AO SERVIZO DE COMEDOR
- FUNCIÓNS DO DIRECTOR DO CENTRO
- FUNCIÓNS DA PERSOA ENCARGADA DO SERVIZO DE COMEDOR ESCOLAR
- FUNCIÓNS DO PERSOAL LABORAL DO SERVIZO DE COMEDOR ESCOLAR
- FUNCIÓNS DO CONSELLO ESCOLAR
- FUNCIÓNS DA COMISIÓN DE COMEDOR ESCOLAR
- FUNCIÓNS DO PERSOAL DE ATENCIÓN E VIXILANCIA
- FUNCIÓNS DAS FAMILIAS
- NORMAS DE COMPORTAMENTO DO ALUMNADO

OBXECTIVOS

- OBXECTIVOS XERAIS DO COMEDOR ESCOLAR
- OBXECTIVOS ESPECÍFICOS DO COMEDOR

ACTIVIDADES COMPLEMENTARIAS

MEDIDAS DE SEGURANZA E HIXIENE

ANEXOS:

ANEXO I: MENÚS BASE

ANEXO II: NORMAS DE COMPORTAMENTO DO ALUMNADO

PLAN DE FUNCIONAMENTO DO COMEDOR ESCOLAR

INTRODUCCIÓN

O Comedor Escolar é un servizo educativo complementario voluntario, que forma parte do proceso educativo do alumnado, no que se ensinan hábitos alimentarios, edúcase aos nenos/as sobre como comportarse na mesa e sobre como gozar do tempo de lecer.

Por unha banda, o Comedor Escolar responde a unhas finalidades educativas e, por outra, dá resposta ás demandas sociais das familias, nas que cada vez é máis frecuente conciliar o horario laboral co horario escolar.

Igualmente o Comedor Escolar desempeña a función social de atender a alumnos que padecen unha situación socioeconómica familiar desfavorecida.

NORMATIVA BÁSICA

Este Plan de funcionamento do comedor escolar está baseado no marco do *DECRETO 132/2013, do 1 de agosto, polo que se regulan os comedores escolares dos centros docentes públicos non universitarios dependentes da consellería con competencias en materia de educación.*

É xa que logo, unha guía informativa imprescindible para toda a comunidade educativa.

Así mesmo baséase no cumprimento das esixencias establecidas na **regulamentación técnico - sanitaria para comedores colectivos.**

DESTINATARIOS

- Alumnado usuario de Comedor Escolar.
- Equipo Directivo.
- Encargada de comedor.
- Profesorado colaborador.
- Persoal de cociña.
- Persoal de atención e vixilancia
- Profesorado non colaborador que utilice os seus servizos.

MODALIDADE DE XESTIÓN

Xestión directa polo propio centro, por medio de persoal funcionario docente e por persoal laboral, dependentes da Consellería de Educación e Ordenación Universitaria, que exercen as funcións recollidas na lexislación vixente.

SOLICITUDE DE PRAZA DO SERVICIO DE COMEDOR ESCOLAR

Terá a condición de usuario de Comedor Escolar, o alumnado deste centro dependente da Consellería de Educación que obteña praza, o persoal docente e non docente vinculado á organización do comedor ou na atención dos alumnos comensais, o persoal de cociña destinado no centro, os coidadores de educación especial, o persoal docente e non docente do centro sempre que existan prazas libres dotadas economicamente.

Terá prioridade o alumnado beneficiario do servizo de transporte escolar. O resto do alumnado do centro, poderá facer uso do servizo sempre que haxa praza dispoñible. A contía a pagar dependerá do establecido no actual decreto de comedores.

A capacidade do comedor é de 230 alumnos/as, e hai habilitado un comedor pequeno cunha capacidade de 90 alum@s. Na actualidade fan uso do servizo do comedor 327 alum@s.

No caso de que existise maior número de solicitudes que prazas de comedor, atenderase na concesión das solicitudes á seguinte orde de prioridade, ao abeiro da lexislación vixente:

- Alumnado usuario do servizo de comedor no curso escolar anterior, salvo que variase substancialmente o criterio polo cal foi admitido.
- Alumnado beneficiario do servizo de transporte escolar.
- Alumnado en situación socioeconómica desfavorable o que teña unha discapacidade igual ou superior ao 33%, acreditada con informe da asistente social do concello que corresponda.

- Alumnado membro de familias numerosas.
- Alumnado, fillos de pais e nais traballadores con incompatibilidade demostrada dous seus horarios laborais co horario de saída do seu fillo/a ao mediodía.
- Outro alumnado do centro.

ORGANIZACIÓN E FUNCIONAMENTO

PERSOAL

O persoal que atende o funcionamento do comedor do CEIP “Condesa de Fenosa” está integrado por:

- O **director** do centro, Francisco Pérez Lemos, que supervisa o funcionamento.
- A **encargada de comedor**, Pilar Prada García
- Ambos son os responsables do funcionamento do Comedor Escolar.
- O **persoal laboral** composto por unha cociñeira e tres axudantes, que se ocupan da elaboración de comidas en base aos menús aprobados polo Consello Escolar.
- **Persoal de atención e vixilancia**, coidadores/as: integrado por profesorado e por pais/nais do alumnado nas condicións e número esixido segundo o número de comensais e a lexislación vixente.
- **Monitores especializados** para levar a cabo as actividades extra escolares ofertadas pola A.N.P.A.
- **Alumnado de 5º e 6º** de primaria, usuario do comedor como axudante. En razón do carácter educativo do servizo de comedor escolar foméntase a colaboración do alumnado a partir de 5º de primaria, sen que iso supoña, a ausencia física ou substitución do persoal habitual encargado da atención no devandito servizo.

FUNCIÓNS DAS PERSOAS VINCULADAS AO SERVIZO DE COMEDOR

(Ao abeiro da Orde do 21 de febreiro de 2007 pola que se regula a organización, funcionamento e xestión do servizo de comedor escolar nos centros docentes públicos non universitarios dependentes da Consellería de Educación e Ordenación Universitaria)

- **FUNCIÓNS DO DIRECTOR DO CENTRO**
 - Elaborar coa comisión do servizo de comedor, o protocolo de funcionamento como parte integrante da programación xeral anual do centro.
 - Dirixir e coordinar o servizo de comedor escolar e designar o persoal docente que voluntariamente participe nas tarefas de atención ao alumnado.
 - Supervisar o correcto funcionamento do servizo de comedor prestado polo centro.
 - Estudiar e elaborar o proxecto de orzamento do servizo de comedor escolar.
 - Autorizar os gastos, e ordenar os pagamentos necesarios para o seu bo funcionamento.
 - Verificar o cobramento das cantidades correspondentes do servizo de comedor aos usuarios del.
 - Facer as contratacións de subministración, se for o caso, de acordo coa lexislación vixente.
 - Coordinar as tarefas do persoal que preste servizos no comedor escolar.
 - Presidir, se for o caso, a comisión do servizo de comedor escolar.
 - Velar polo cumprimento das normas sobre sanidade e hixiene, de acordo cos protocolos que para o efecto remitirá a Consellería de Educación e Ordenación Universitaria.
 - Calquera outra función necesaria para o correcto funcionamento do servizo.
- **FUNCIÓNS DA PERSOA ENCARGADA DO SERVIZO DE COMEDOR ESCOLAR**
 - Coordinar un plan de actividades que permita o desenvolvemento de aspectos e normas relacionadas co hábito de saber comer, e de relación social no contorno do servizo de comedor escolar.

- Potenciar o desenvolvemento de actividades de lecer e tempo libre para dinamizar a atención e vixilancia do alumnado usuario.
- Executar as tarefas propias de coordinación e supervisión necesarios para o funcionamento do servizo de comedor.
- Organizar o funcionamento do servizo de comida de mediodía.
- Elaborar a actualización periódica do inventario do equipamento do servizo de comedor e a súa reposición.
- Elevar á dirección do centro propostas sobre control e mellora de menús, así como da distribución do orzamento e control do gasto, a través da comisión do servizo de comedor escolar
- **FUNCIÓNS DO PERSOAL LABORAL DO SERVIZO DE COMEDOR ESCOLAR**
 - Será competencia do persoal laboral do servizo de comedor as seguintes funcións, acordadas coa súa categoría profesional, nos termos que estableza o convenio colectivo de aplicación, e que a título indicativo se sinalan:
 - Elaboración de comidas de acordo co menú aprobado polo consello escolar.
 - Velar pola calidade e conservación dos alimentos, cumprindo as normas de sanidade e hixiene.
 - Servizo de atención ás mesas dos usuarios.
 - Limpeza das instalacións e equipamentos do servizo de comedor escolar, coidando o seu uso e conservación.
 - Informar o encargado do servizo de comedor escolar daquelas outras cuestións que afecten o funcionamento do servizo.
 - Colaborar no seguimento dos protocolos de seguranza e hixiene e de riscos laborais.
 - Asistir, se é o caso, ás actividades específicas programadas dentro do Plan de formación continuada.
- **FUNCIÓNS DO CONSELLO ESCOLAR**
 - Aprobar dentro da normativa vixente un protocolo propio que recollerá as directrices de organización e funcionamento do servizo de comedor escolar, así como o seu seguimento e avaliación durante o curso escolar. Este protocolo será parte integrante do regulamento orgánico do centro.
 - Aprobar o proxecto de orzamento de ingresos e gastos do servizo, como parte anual do orzamento de gastos.
 - Decidir sobre a admisión do alumnado usuario, de acordo cos criterios de prioridade establecidos nesta orde.
 - Aprobar o plan de actividades educativas e recreativas que desenvolverá alumnado que utilice o servizo de comedor escolar.
 - Aprobar a creación da comisión do servizo de comedor escolar.
 - Aprobar os menús de acordo coas necesidades de alimentación do alumnado, por proposta da comisión do servizo de comedor escolar.
- **FUNCIÓNS DA COMISIÓN DE COMEDOR ESCOLAR**
 - Será a mesma comisión económica do centro pero integrada, ademais, pola persoa encargada do servizo de comedor.
 - Elaborar o borrador de anteproxecto de orzamento do servizo de comedor escolar.
 - Colaborar co equipo directivo e o encargado do servizo de comedor, se for o caso, na xestión económico - administrativa dos fondos do servizo de comedor.
 - Propoñer ao consello escolar os menús, de acordo cun programa de alimentación sa e equilibrada.
 - Elaborar e propoñer ao consello escolar un plan de actividades que desenvolverá o alumnado que utilice o servizo de comedor escolar.
 - Seguimento do servizo de comedor, formulando propostas de mellora, se é o caso, ante o consello escolar.

- Velar polo cumprimento das normas vixentes sobre sanidade e hixiene.
- Calquera outra función necesaria para o correcto desenvolvemento do servizo de comedor.
- **FUNCIÓNS DO PERSOAL DE ATENCIÓN E VIXILANCIA**
 - Vixilancia, acompañamento e custodia dos nenos/as desde a saída de clase, durante a comida e ata o final do horario de comedor na comida de mediodía ata a incorporación o seu grupo nas filas de entrada a clase ou de entrega os seus pais ou persoa encargada no caso de non haber clase á tarde.
 - Atención e vixilancia do alumnado en calquera das dependencias onde se desenvolve a actividade
 - Desenvolver o programa de actividades elaborado para antes e/ou despois da comida.
 - Atención e ensinanza aos comensais de hábitos de comportamento, hixiénicos, sociais e manipulativos no comedor, así como o coidado do enxoval de comedor.
 - Colaborar nas tarefas e cometidos relacionados co comedor que a encargada suxira.
 - Comunicación ao director ou á encargada de comedor, de palabra ou por escrito, segundo a gravidade dos feitos as incidencias que, en contra do normal funcionamento e a convivencia, se produzan polos alumnos comensais.
 - Axuda os alumnos e as alumnas que, por idade ou necesidades asociadas a condicións persoais específicas de discapacidade, necesiten a colaboración e soporte dun adulto nas actividades de alimentación e aseo.
- **FUNCIÓNS DAS FAMILIAS**
 - Favorecer e cooperar para o adecuado cumprimento das normas establecidas.
 - Colaborar co profesorado e coidadoras no bo funcionamento do comedor escolar, inculcando aos seus fillos/as desde casa, hábitos de respecto cara as persoas (compañeiros, persoal de cocina, coidadoras, profesores...) e as cousas (enxoval do comedor); hixiene alimenticia; bo comportamento dentro e fóra do comedor escolar; etc.
 - Suxerir de cantas iniciativas e aportacións consideren necesarias para a mellora no servizo de comedor escolar.
 - Comunicar ao Centro por escrito, debidamente acreditado, as posibles alerxias e réximes especiais dos seus fillos/as.

FUNCIONAMENTO

O servizo de comedor escolar é de luns a venres en horario de 13.30 a 15.30 e desde as 14:15 ata as 15:15 (no caso de xornada única nos meses de xuño e setembro).

Para a comida de mediodía o alumnado de Educación Primaria, ao saír de clase, baixará en fila co profesorado ata o comedor.

O alumnado de Educación Infantil permanecerá no corredor das súas respectivas clases, onde serán recollidos polo profesorado de apoio e as nais coidadoras.

A proporción entre coidador/a e alumnado será a establecida na normativa vixente.

No comedor respectaranse as normas de hixiene e os hábitos alimenticios adecuados. O alumnado lavarase as mans antes de comer.

Accederase ao comedor ordenadamente, sentándose cada un no seu lugar. Cada coidadora farase cargo sempre do mesmo grupo de nenos/as.

O alumnado manterá un comportamento respectuoso cos seus compañeiros e persoal de comedor Non se sairá do comedor e non se levantarán da mesa durante o servizo de comida (salvo excepcións).

Todos os alumnos recibirán igual menú que lles será anticipado mensualmente. A dirección do centro programará os menús de 4 a 6 semanas de acordo con criterios de alimentación san e equilibrada do alumnado. Este menú será o mesmo para todos os comensais que fagan uso do servizo, sexa alumnado ou persoal do centro.

Non obstante, o alumnado do centro que teña algún tipo de intolerancia ou alerxia alimentaria medicamente documentada disporá dun menú adecuado ás súas necesidades, dentro das posibilidades.

Coa finalidade de que as familias poidan completar o réxime alimenticio dos seus fillos e fillas, de acordo cos criterios dunha alimentación saudable e equilibrada, a programación dos menús expoñeráse no taboleiro de anuncios do centro, colgarase na páxina web do colexio e darase a coñecer aos pais e nais do alumnado usuario do comedor escolar mediante os Cadernos de Nais e Pais.

A través dos Cadernos de Pais e Nais tentamos de dar a coñecer comportamentos alimentarios que permiten un estilo de vida saudable e de mandar información sobre temas de interese relacionados coa alimentación.

As dietas brandas notificaranse por escrito á Encargada do Comedor. Non se fará comida especial, senón que se adaptará á dieta o menú diario.

O persoal de atención e vixilancia preocuparase de que toda a comida que se sirva se coma. Non se pode sacar ningún tipo de comida do Comedor, así como inxerir sen permiso ningún alimento que non se sirva no mesmo.

Todos o alumnado de comedor debe permanecer no recinto escolar e nos lugares asignados para o horario de comedor. O alumnado só poderá abandonar os lugares asignados co coñecemento dos coidadores. Cando por motivo xustificado un alumno/a deba ser recollido antes da hora de saída, presentarase o correspondente xustificante do pai, nai ou titor.

As coidadoras deberán saber sempre onde se atopan os nenos que estean ao seu coidado. Vixiarán permanente aos alumnos/as para facer cumprir as normas establecidas e evitar pelexas e accidentes.

Ademais entregarán o material de xogo ao alumnado que o solicite e controlarán que os xogos queden gardados e ordenados un cuarto de hora antes da entrada.

No caso de que os propios alumnos/as non se poñan de acordo, organizarán quendas para as actividades deportivas.

Controlarán as portas do corredor. Só unha permanecerá aberta así como as portas dos aseos do soportal.

Encargaranse de comprobar que todas as portas do recinto estean sempre pechadas.

Se algún alumno/a necesita coller algo do aula, acompañaranlle. Nunca irá só o alumno/a.

Durante a comida cada coidadora terá ao seu cargo varias mesas de comensais orientándolles no uso correcto dos cubertos, supervisando a repartición equitativa da comida, tomando nota daqueles alumnos que sistematicamente non coman, axudando a servir as mesas ao equipo de alumnos encargado diso e en xeral resolvendo as incidencias que se presenten. No comedor o labor das coidadoras é fundamentalmente educadora e coidadora.

As coidadoras manterán informados ao director e/ou á encargada de comedor das anomalías que poidan ocorrer (nenos que non comen, mal comportamento, asistencia). Tamén recibirán esta información os pais e titores. Para os días de choiva e frío disporanse, no interior do centro, de lugares e de actividades previamente asignados e programadas.

As coidadoras, ao finalizar o horario do comedor, acompañarán aos nenos/as ata as filas.

Procurarán que se laven as mans e sacudan a area si a actividade realizada o esixira, entregándollos persoalmente aos seus titores.

En xuño e setembro, acompañaranos ata o transporte ou ata a saída, que se fará por dúas portas, unha para Primaria e outra para Infantil.

NORMAS DE COMPORTAMENTO DO ALUMNADO

A utilización do servizo de comedor supón a aceptación e cumprimento das normas. (Ver anexo II) Ante o incumprimento das normas falarase co neno/a. Tratarase que comprenda que a súa actuación é inadecuada e pediráselle que rectifique. Procurarase que asuma as consecuencias das súas actuacións e ofreceránselle condutas alternativas. Habitualmente serán as coidadoras as encargadas de manter a orde, a convivencia e a disciplina no comedor escolar. Nos casos nos que o diálogo non sexa suficiente, poderase impor medidas correctoras como apartar ao neno/a da súa mesa durante un tempo ou privar ao neno/a do recreo ou actividade posterior á comida. Ningún comensal poderá ser sancionado privándolle de toda ou parte da minuta do día.

O alumnado comensal que manteña unha conduta negativa será sancionado polo equipo de Comedor. Se a falta é reiterada ou grave será sometido ao criterio do director e da encargada de comedor.

O alumnado comensal que manteña unha conduta negativa será sancionado polo equipo de Comedor. Se a falta é reiterada ou grave será sometido ao criterio do director, da encargada de comedor ou mesmo da Comisión de Comedor.

OBXECTIVOS**OBXECTIVOS XERAIS DO COMEDOR ESCOLAR**

- O comedor escolar é un espazo educativo onde os nenos/as aprenden hábitos alimenticios e normas de comportamento social na mesa. Este espazo permite, de forma efectiva e racional, aprender a comer.
- No Comedor Escolar foméntase unha actitude positiva cara unha alimentación saudable, partindo do estímulo que xera a aceptación das comidas por parte dos outros compañeiros.
- No Comedor Escolar do CEIP “Condessa de Fenosa” tentaremos de :
- Potenciar unha oferta apetitosa, variada e de boa presentación, onde estean presentes factores culturais da nosa comunidade(orellas, ovos de Pascua, Aguinaldo).
- Incluír alimentos de tódolos grupos para favorece-la dixestión e o contacto cos mesmos.
- Busca-la variación no color, textura e métodos de cociñado.
- Valorar aspectos relacionados coa satisfacción do “comer con gusto”, de compartir e comunicarse.
- Proporcionar a toda a Comunidade Educativa, na medida das posibilidades, un servizo básico e cotián que facilite a conveniencia do traballo diario.
- Aproveita-los procedementos establecidos pola Administración para ofrecer un servizo asistencial a determinados casos cun medio socioeconómico desfavorable.
- Atender ca mesma eficacia en canto a servizo alimentario, educativo e da saúde, na medida dos recursos cos que contamos, ao alumnado con alerxias, discapacitado ou que proveña doutras culturas.

OBXECTIVOS ESPECÍFICOS DO COMEDOR

- Subministrar un menú gastronómico a medio día equilibrado, variado e completo.
- Promover valores de respecto, urbanidade, valoración do traballo dos demais, uso de utensilios en función da súa estrita finalidade, aceptación mutua, compañeirismo e comprensión das vantaxes dunha boa relación na mesa.
- Promover hábitos adecuados en torno ao servizo, manipulación hixiénica dos alimentos, dominio dos xestos, da voz e do propio corpo para garantir a urbanidade adecuada no acto alimenticio.
- Promover diferentes habilidades: uso específico e efectivo dos cubertos, coñecemento dos alimentos, das propiedades nutritivas dos mesmos e das conveniencias mais saudables.
- Organizar o tempo de lecer como un espazo educativo de actividades non derivadas das propias obrigacións escolares: xogo libre, biblioteca, xogos de mesa, pintura...
- Fomentar a participación nas actividades en grupo respectando ás persoas, as normas, os materiais e os espazos.

ACTIVIDADES COMPLEMENTARIAS

As actividades de tempo libre no horario de comedor fundamentalmente desenvolveranse a través do xogo.

O obxectivo das mesmas é ocupar en actividades creativas e educativas o tempo de lecer e fomentar hábitos sociais en situacións de xogo.

Actividades que se ofertan ao alumnado:

- Xogos espontáneos.
- Actividades deportivas e xogos de exterior.
- Xogos tradicionais: a goma, a corda, a pita cega, o escondite, as canicas, o patito inglés, as chapas, o pañuelo, polis e cacos, o rato e o gato, pés quedos, as catro esquinas, pilla - pilla...
- Xogos dirixidos.
- Xogos de patio de carácter sensomotriz, utilizando no seu caso materiais como pelotas brandas, aros, cordas, area, etc.
- Tempo para o estudo, traballo persoal e para a lectura.
- Tempo para o uso dos ordenadores.
- Xogos de mesa (damas, parchís, xadrez, dominó, etc)
- Actividades audiovisuais: películas de debuxos animados (non violentos) ou de carácter educativo.
- Actividades dirixidas por monitores (pintura, inglés)
- Toda clase de actividades que poida xurdir e/ou suxerir o alumnado e que sexa viable e axude ao desenvolvemento da súa personalidade.

MEDIDAS DE SEGURANZA E HIXIENE

Co fin de garantir a seguridade alimentaria dos usuarios do Comedor Escolar e a correcta hixiene dos produtos alimenticios existe un documento elaborado no centro chamado APPC (Análise de Perigos e Puntos de Control Crítico).

É un sistema con base racional e científica, cun enfoque sistemático e preventivo, utilizado para identificar, avaliar e controlar os posibles perigos atopados durante a produción, procesamento, manufactura, almacenamento, preparación e uso dos alimentos.

O sistema de autocontrol nos comedores escolares será executado pola encargada de comedor e polo persoal responsable do seu control designado polo director do centro.

ANEXO II: NORMAS DE COMPORTAMENTO DO ALUMNADO

- **Dentro do edificio:**
 - Desprazarse andando. Non correr dentro do edificio.
 - Permanecer na planta baixa.
 - Non quedar nas aulas se non é coa presenza dun profesor.
 - Respetar e coidar as instalacións.
 - Respetar o silencio dentro do edificio. Falar cun volume de voz adecuado.
 - Utilizar as papeleiras.
 - Permanecer nos aseos o tempo necesario. Non son lugares para xogar.
- **No patio:**
 - Respetar e coidar as instalacións
 - Permanecer sempre no recinto escolar. Non se pode saír á rúa sen autorización.
 - Non colgarse das porterías deportivas para evitar accidentes.
 - Utilizar as papeleiras
- **No comedor:**
 - Entrar en silencio e colocarse sempre no mesmo sitio, salvo cambio autorizado por unha coidadora ou profesor.
 - Falar baixo durante a comida, sen gritar, e prestar atención ás indicacións.
 - Comer un pouco de todo, sen desperdiciar comida.

- Procurar comer utilizando correctamente o cuberto, evitando falar coa boca chea.
- Repetir do 1º e 2º prato, sempre que coman de ambos e permítano as existencias da cociña.
- Non levantarse da mesa sen autorización.
- Os alumnado de maior idade axudará a comer aos pequenos/as da súa mesma mesa se así o precisan. Ademais servirán o comedor, seguindo as instrucións e quendas organizadas pola profesora encargada.
- Evitar tirar ao chan cubertos ou restos de comida. Se o fixeron haberán de recollelos antes de marcharse.
- Non entrar na cociña. A comunicación coas cociñeiras ha de realizarse pola fiestra de servizo.
- Efectuar a saída de modo organizado seguindo as indicacións do persoal de atención e vixilancia.
- Obedecer ao persoal de vixilancia e tratalo co respecto debido.
- **Na biblioteca:**
 - Respetar o silencio dentro dela. Non é lugar de xogos bruscos.
 - Deixar no sitio indicado os libros logo de utilizalos.
 - Deixar o mobiliario ordenado ao saír dela e utilizar as papeleiras.

**CONCRECIÓN ANUAL DO PLAN
XERAL DE ATENCIÓN Á
DIVERSIDADE
CURSO 2017-2018**

INTRODUCCIÓN

O Plan Xeral de Atención á Diversidade pretende ser unha ferramenta encamiñada a dar **resposta ao conxunto global do alumnado**, tanto ao que puntualmente presenta algún tipo de dificultade e necesita algún tipo de axuda, como ao que manifesta necesidades específicas de apoio educativo. Dita resposta adaptarase á realidade e singularidade do centro.

Entendemos por **diversidade as diferenzas que presenta o alumnado ante as aprendizaxes escolares e as distintas causas ás que poden atribuírse**: aptitudes, intereses, motivacións, capacidades, ritmos de maduración e estilos de aprendizaxe, experiencias e coñecementos previos, contornos sociais e culturais, etc.

Todos estes aspectos darán lugar a un alumnado heteroxéneo en canto as súas necesidades educativas, que irán desde o menos ao máis diferente e que determinarán, a súa vez, as **respostas educativas, que irán das máis ordinarias ás máis extraordinarias**.

Polo tanto, atender á diversidade, non é só atender as diferenzas individuais do alumnado, senón tamén poñer en xogo todos os elementos organizativos (materiais, espaciais, agrupamentos, horarios, infraestruturas, coordinación docente, estratexias, etc) en aras de cubrir as necesidades educativas especiais ou non especiais que presenten.

Dentro desta diversidade xeral, pode que algún alumnado precise dunha atención diferente a ordinaria:

- Alumnado con **necesidades educativas especiais**, derivadas de condicións persoais de discapacidade (física, psíquica, sensorial) ou de graves trastornos da personalidade ou da conduta.
- Alumnado con **necesidades específicas de apoio educativo** asociadas a **dificultades específicas de aprendizaxe** derivadas de ritmos lentos, dificultades importantes de aprendizaxe das técnicas instrumentais, falta de estimulación, falta de hábitos, dificultades da linguaxe...
- Alumnado con **TDAH**.
- Alumnado con **altas capacidades intelectuais**.
- Alumnado con **condicións persoais e de historia escolar**, que presente dificultades na evolución das súas aprendizaxes e na adquisición de obxectivos e competencias por motivos de saúde, por pertenza a determinados grupos sociais ou minorías étnicas, por situacións socioculturais desfavorables, por escolarización desaxustada ou pola combinación de varios dos motivos mencionados.
- Alumnado de **incorporación tardía ao sistema educativo**, aquel que procede do estranxeiro e presenta todas ou algunha das seguintes circunstancias: descoñecemento das dúas linguas oficiais de Galicia, desfase curricular significativo e/ou graves dificultades de adaptación

Para todos eles, unha vez identificadas as necesidades específicas, será preciso ir adaptando as respostas educativas dende as programacións xerais e as programacións da aula, ata aquelas outras propostas que modifiquen máis ou menos significativamente a proposta curricular, podendo chegar a requirir propostas organizativas diferenciadas e recursos persoais de apoio mais ou menos especializados.

Entendemos que resposta educativa ofrecida é responsabilidade de todo o profesorado e demais sectores da comunidade educativa.

OBXECTIVOS

- **Planificar e organizar os apoios e priorizar os recursos** persoais de que se dispón, para axustalos ás necesidades.
- Prever unha planificación que permita introducir cambios ante novas necesidades que poidan xurdir ao longo do curso.

- Organizar medidas flexibles que conduzan á necesaria readaptación das intervencións do profesorado ordinario e dos especialistas para adecuarse á atención das novas necesidades educativas.
- Establecer as medidas que permitan unha **detección temperá** das posibles dificultades.
- Deseñar e realizar actividades grupais de prevención de dificultades de aprendizaxe.
- **Garantir a actuación coordinada** de mestres e especialistas para a correcta aplicación das medidas de atención á diversidade.
- **Establecer canles de colaboración entre o diverso profesorado** que intervéñen co alumnado con neae (ACNEAE).
- **Proporcionar e adaptar** unha **resposta educativa axeitada** e de calidade **ao alumnado**, que lle permita acadar o maior desenvolvemento persoal e social.
- **Organizar os recursos persoais e materiais** do centro co fin de facilitar unha resposta educativa axeitada a todo o alumnado, especialmente aos que presentan necesidades específicas de apoio educativo.
- Planificar propostas educativas diversificadas de organización, procedementos, metodoloxía e avaliación axeitadas ás necesidades de cada alumno.
- Fomentar a **participación das familias** e implicalos no proceso educativo dos seus fillos/as.
- Promover a **coordinación con institucións ou organismos externos** ao Centro.
- Promover a formación permanente do profesorado.
- Servir de guía para identificar aqueles aspectos da atención á diversidade que precisen melloras cara o curso seguinte

IDENTIFICACIÓN E VALORACIÓN DE NECESIDADES

A **detección** e valoración das necesidades realízase mediante as seguintes actuacións:

- Avaliación inicial
- Sesións de avaliación trimestrais
- Avaliación final
- Avaliacións LOMCE: en 3º e 6º curso, carácter orientativo
- Probas colectivas en niveles programados (1º, 3º e 5º curso)
- Avaliación psicopedagóxica individualizada.
- En momentos puntuais ao longo do curso, segundo as necesidades detectadas.

En canto a valoración das necesidades, con respecto ao alumnado:

- Incremento do número do alumnado con necesidades educativas especiais atendido no centro.
- En xeral dificultades no **desenvolvemento e afianzamento das técnicas instrumentais básicas**: dificultades para extraer as ideas principais dun texto, para expresarse tanto por escrito como a nivel oral, dificultades no razoamento lóxico, no cálculo mental e noutros contidos matemáticos.
- En xeral é necesario mellorar os índices de atención do alumnado.
- En xeral é necesario mellorar as **dificultades de linguaxe**, especialmente en educación infantil e primeiros cursos de primaria.
- En xeral mellorar os **hábitos de traballo** e autonomía persoal (calendario, mochila, axenda).
- En xeral mellorar as **técnicas de traballo** (lectura comprensiva, subliñado, resumo, esquemas...).
- En xeral é necesario sensibilizar ao alumnado cara á diversidade e respecto ás diferenzas.
- En xeral, é necesario mellorar a acollida e a inclusión do alumnado con necesidade específica de apoio educativo por parte da totalidade do alumnado.
- En xeral, é necesario rebaixar os niveis de competitividade e insolidariedade do alumnado no que atinxe ás tarefas escolares.

- En xeral, é necesario desenvolver habilidades sociais no alumnado para que saiba resolver os conflitos dentro dunha cultura de paz.

En canto a valoración das necesidades, con respecto ás familias do alumnado:

- En xeral necesidade de marcar **límites e normas** e como facelo.
- En xeral necesidade de supervisión dos **hábitos de estudo** e a **organización**.
- En xeral maior **implicación e colaboración** co centro para apoiar o traballo desenvolvido polos docentes e participar nas actividades organizadas.

En canto a valoración das necesidades, con respecto ao profesorado:

- En xeral dificultades para coordinarse o equipo docente co profesorado de apoio e a orientadora pola falta de tempos a nivel centro.
- En xeral problemática á hora de atender individualmente a un alumno ou alumna con necesidades específicas de apoio, xa que os grupos son moi numerosos.
- En xeral mellorar estratexias inclusivas para a atención do ACNEE.
-
- En función destas necesidades e dos datos recollidos das memorias, tomáronse as seguintes decisións.
- Establecer uns criterios de atención que prioricen o alumnado que debe ser atendido polo profesorado de apoio de AL. e PT
- Primar o apoio individualizado da especialista de audición e linguaxe nos cursos máis baixos, atendendo a criterios pedagóxicos.
- Primar a atención do alumnado con adaptación curricular, así como do alumnado escolarizado en modalidade específica e combinada.
- Poñer en marcha mecanismos de detección temperá.
- Implementar medidas para mellorar a convivencia e a resolución de conflitos.
- Realizar charlas puntuais coas familias encamiñadas a mellorar os estilos educativos parentais.
- Revisar e actualizar os documentos de centro.
- Realizar un programa de habilidades sociais e emocionais
- Difundir as medidas tomadas nas Adaptacións Curriculares Non Significativas (ACNS) do alumnado con Trastorno por Déficit de Atención e Hiperactividade (TDAH) e Dificultades Específicas de Aprendizaxe (DEA).
- Realizar unha serie de charlas enfocadas ao alumnado e ás familias sobre acoso escolar
- Fomentar modelos e metodoloxías inclusivas: modelo SEM, docencia compartida, aprendizaxe cooperativa, tutoría entre iguais... como medio para dar cabida á atención individual do alumnado que presenta neae dentro das clases tan numerosas.
- Deixar tempos nas Comisións Pedagóxicas para o proceso de seguimento, avaliación e mellora do PXAD.

DESCRIPCIÓN DAS ACTUACIÓNS, MEDIDAS E/OU PROGRAMAS PARA A ATENCIÓN Á DIVERSIDADE

As medidas de atención á diversidade oscilan nun **continuo** que abarca dende a **prevención á intervención específica**.

Non van ligadas de forma permanente a colectivos de alumnos/as concretos, xa que calquera alumno/a pode requirir ao longo da súa escolaridade a adopción de diferentes tipos de medidas. Tampouco cabe asignar de forma exclusiva unha medida concreta cun determinado profesional que a leve a cabo.

Por regra xeral as medidas sempre tenderán a ir **do máis ordinario ao máis extraordinario**, das situacións máis normalizadoras ás menos normalizadoras.

MEDIDAS ORDINARIAS

- Adecuación da **estrutura organizativa** do centro (horarios, agrupamentos, espazos) e da organización e xestión da aula ás características do alumnado.
- Adecuación das **programacións didácticas** ao contorno e ao alumnado.
- Realizar unha avaliación inicial ao comezo do curso.
- Contextualizar os criterios de avaliación seguindo os mesmos criterios de adecuación empregados ao contextualizar os obxectivos.
- Cada profesor/a, desde a súa materia adaptará a programación didáctica do seu nivel a cada grupo de alumnos/as en particular, unha vez realizada a avaliación inicial en canto a **obxectivos e contidos**.
- Adecuar os obxectivos ás peculiaridades da aula e do alumnado do grupo-clase.
- Precisar cales son os obxectivos e contidos mínimos de nivel e de cada unidade didáctica.
- Seleccionar e priorizar aqueles contidos que sexan funcionais para o alumnado e que lle permitan aprender por si mesmo.
- Realizar **compactación curricular**.
- **Metodoloxía** baseada no modelo SEM, no traballo colaborativo en grupos heteroxéneos, na titoría entre iguais, no aprendizaxe por proxectos e noutras que promovan a **inclusión**.
- Capacitar ao noso alumnado para que sexan capaces de axudar aos compañeiros que lo precisen e para comprender as diferenzas individuais.
- Grupos cooperativos.
- Titorización entre iguais.
- Levar a cabo adaptacións Curriculares Non Significativas (**ACNS**) con aquel alumnado con dificultades específicas de aprendizaxe, TDAH ou TEA..
- Traballo individualizado profesorado/alumnado en momentos determinados e breves que favorezan a seguridade do alumnado.
- Diversidade de **actividades** para cada contido.
- Actividades secuenciadas segundo a súa dificultade (cada alumno/a vai realizando as mesmas e, unha vez superadas, pasan ás de nivel seguinte).
- Existencia de actividades de libre elección.
- Realización de actividades de reforzo (para todo o grupo como repaso ou para alumnado con dificultades de aprendizaxe).
- Realización de actividades de ampliación (para alumnado avantaxados).
- Plantear un enfoque centrado na aprendizaxe significativa e no desenvolvemento das fortalezas e talentos de todo o alumnado.
- Adaptar **materiais didácticos**: seleccionar e utilizar materiais curriculares diversos, adecuándoos ás características do alumnado e aproveitando a súa potencialidade motivadora.
- Empregar recursos didácticos variados de xeito que un mesmo contido se presente a través de recursos diferentes.
- **Diversificar os procedementos de avaliación** mediante estratexias como: adecuar tempos, criterios, instrumentos e procedementos de avaliación.
- Diversificar os tipos de probas en función da alumna ou alumno ao que se dirixe.
- Seleccionar técnicas e instrumentos de avaliación múltiples e variados.
- Entender como válidas diferentes formas de avaliación que dean cabida a modalidades de expresión ou comunicación do aprendido, xa sexan escritas, verbais, a través de esquemas, carteis, fotos, etc.
- Diversidade nos criterios de cualificación: nota das probas, dos exames de trimestre, traballos de aula, actitude, comportamento, asistencia...
- Utilizar diferentes instrumentos e procedementos para avaliar a progresión das capacidades básicas do alumnado.

- Valorar as distintas aproximacións que ao mesmo contido faga cada alumno e que respondan aos seus diferentes puntos de partida e, en definitiva, as súas diferentes posibilidades.
- Coordinar os apoios desde a perspectiva do alumnado e o seu desenvolvemento. Realizar os apoios preferentemente en contextos compartidos e para o grupo. Estes deben incidir na coordinación do profesorado e na colaboración entre profesionais, para responder ás necesidades de todo o alumnado.
- **Desdoblamento** de grupos.
- **Docencia compartida.**
- Agrupamentos flexibles.
- **Reforzo educativo** e apoio do profesorado con dispoñibilidade horaria.
- Apoio auxiliar ao profesorado titor. Neste modelo o mestre auxiliar serve de apoio constante as dúbidas que poidan xurdirlle a calquera alumno na aula. O traballo do mestre de apoio debe centrarse en propiciar as estratexias e adaptacións necesarias para que os alumnos participen na aula traballando o mesmo currículo que os seus compañeiros.
- **Programas de enriquecemento curriculares horizontais.**
- **Programas de reforzo nas áreas instrumentais básicas**, especialmente para:
 - Alumnado que obteña uns resultados moi baixos nas probas de avaliación inicial de comezos de curso.
 - Alumnado que estea repetindo e se considere que esta medida pode atender as súas necesidades.
- **Programas específicos personalizados** (modificación de conduta, habilidades sociais...)
- Medidas e actuacións destinadas á **mellora da convivencia**
- Atender á diversidade no seu conxunto, buscando optimizar o proceso de ensinanza – aprendizaxe respectando a individualidade dos alumnos/as, positivizando as posibilidades do alumnado.
- Despregar programas de enriquecemento para o desenvolvemento do talento para toda a escola, facendo uso dos recursos propios do centro e daqueles outros que aproveitan alianzas co contorno.

MEDIDAS EXTRAORDINARIAS

- **Apoio** do profesorado especialista de **PT/AL**.
- Intercambio de roles entre profesor titor e de apoio. As tarefas de coordinación e traballo en equipo son esenciais para que o titular coñeza as vicisitudes das atencións específicas que requiren determinados alumnos/as, e o mestre/a de apoio deberá coñecer aspectos concretos da materia.
- Traballo colaborativo entre profesorado titor e profesorado de apoio. Ambos docentes son responsables do grupo de alumnos/as e participan no mesmo grao nas tarefas de ensino-aprendizaxe que se programen.
- **Adaptacións de acceso ao currículo (ACNS).**
- **Adaptacións curriculares significativas (AC).**
- **Repetición.**
- **Flexibilización** da duración do período de escolarización
- Escolarización en **modalidade combinada ou en aula específica** dentro do centro ordinario. O noso centro conta cunha aula específica.

É conveniente que queden recollidas no expediente académicos as medidas tomadas co ACNEAE.

En canto as medidas extraordinarias, como poden ser as Adaptacións Curriculares e a repetición, non existe actualmente lexislación sobre como se priorizan. Por ese motivo o equipo docente e a orientadora resolverán en cada caso particular a opción máis indicada. Mentres non haxa normativa, primará sempre o criterio pedagóxico.

PROTOCOLO PARA A SOLICITUDE DAS MEDIDAS EXTRAORDINARIAS

Intervención do DO	<ul style="list-style-type: none"> • O titor/a detecta necesidades educativas nun alumno/a e non consegue darlle resposta no ámbito da tutoría. • Demanda colaboración á orientadora, que revisará as medidas que se estean levando a cabo e asesorará no deseño doutras posibles medidas de reforzo. • Tentarase de dar resposta ás necesidades do alumno/a dentro das medidas ordinarias. Se se consegue, péchase o ciclo de intervención. • Se non se consegue, o titor/a realizará unha demanda de intervención por escrito (Documento de derivación). • O Departamento inicia unha etapa de recollida de datos e, cando se considere preciso, realizará unha avaliación psicopedagóxica. • En función do anterior elaboraranse: <ul style="list-style-type: none"> ◦ Pautas de intervención. ◦ Preinforme. ◦ Informe psicopedagóxico. ◦ Ditame psicopedagóxico
Apoio do profesorado de PT/AL	<ul style="list-style-type: none"> • Solicitud de apoio por parte do profesorado ao Departamento de Orientación. • Información á familia a través do titor ou titora. • Proposta de apoio do Departamento de Orientación. • Información á xefatura de estudos. • Autorización da Dirección. • Documentación necesaria: <ul style="list-style-type: none"> ◦ Solicitud de apoio. ◦ Autorización da familia. ◦ Proposta de apoio do DO. ◦ Documento de proposta á Dirección do centro. ◦ Informe psicopedagóxico.
Adaptación curricular	<ul style="list-style-type: none"> • Proposta do titor/a. • Solicitud de correspondente avaliación psicopedagóxica por parte do equipo docente ou por algún dos seus membros. • Reunión coordinada polo xefe de estudos para decidir a pertinencia da adaptación curricular. (acta). • Información á familia e autorización da mesma. • Elaboración das adaptacións das diferentes áreas. • Solicitud de autorización á inspección por parte da dirección do centro. • Documentación necesaria: <ul style="list-style-type: none"> ◦ Informe psicopedagóxico. ◦ Acta da reunión da decisión. ◦ Documento de información á familia. ◦ Programacións adaptadas das diferentes áreas.
Enriquecemento curricular horizontal	<ul style="list-style-type: none"> • Apoio de PT. • Asesoramento do DO e do EOE. • Programas de enriquecemento para o desenvolvemento do talento para toda a escola.

Repetición	<ul style="list-style-type: none"> • Revisión dos obxectivos mínimos do nivel. • Reunión do equipo docente para valorar se esta medida extraordinaria supón beneficio para o alumno/a. • Decisión do titor/a e información ás familias. • Programa de reforzo individualizado.
Flexibilización da duración do período de escolarización	<ul style="list-style-type: none"> • Proposta do titor-a e/ou equipo docente • Informe psicopedagógico. • Historial académico (XADE) • Orientacións sobre a proposta curricular adaptada: competencias xerais e obxectivos a conseguir.
Escolarización en aula específica dentro dun centro ordinario	<ul style="list-style-type: none"> • Informe psicopedagógico. • Ditame de escolarización.
Escolarización combinada.	<ul style="list-style-type: none"> • Informe psicopedagógico. • Ditame de escolarización.

PROGRAMAS

- Programa de acollida ao novo alumnado.
- Programa de transición entre etapas: Infantil, Primaria e ESO.
- Programa de detección temperá das dificultades.
- Programa de Habilidades Sociais.

CRITERIOS DE ATENCIÓN

A preferencia do alumnado a atender e o tempo de atención a este, sempre que non se podan satisfacer todas as necesidades, rexeráse polos seguintes criterios:

1. **Alumnado con Necesidades Educativas Especiais** derivadas de Discapacidade (visual, auditiva, intelectual, ou motora), Trastornos de Espectro Autista (TEA) e Trastornos Graves de Conduta.
2. Alumnado con outras **Necesidades Específicas de Apoio Educativo** e con **adaptación curricular e informe psicopedagógico**.
3. **Outro alumnado con NEAE** que precise atención educativa.
4. Terán prioridade aqueles alumnos/as que xa viñeran recibindo apoio.
5. En xeral primaranse os cursos máis baixos para recibir atención educativa do profesorado de apoio.
6. En Educación Infantil só recibirán atención de Pedagogía Terapéutica aqueles casos precedidos dun ditame psicopedagógico.
7. En canto ao profesorado especialista de Audición e Linguaxe primárase a intervención temperá no ciclo de Educación Infantil e nos primeiros cursos de Primaria.
8. Cando existan moitas solicitudes para recibir apoio, priorizaranse atendendo a criterios pedagóxicos e evolutivos marcados pola Comisión pedagóxica (CCP).

MODALIDADES DE ATENCIÓN

1. **Atención individualizada do alumno/a polo profesorado titor** cando precisa un apoio puntual sen a intervención directa doutro profesor/a ou especialista.
2. **Apoios temporais dentro do aula:** Atención ao alumno por parte doutro profesor/a con dispoñibilidade horaria, que intervén no grupo aula atendendo a un alumno/a concreto.
3. **Desdobres.**

4. **Atención especializada por parte do profesorado de apoio:** Alumnado con necesidades específicas de apoio educativo que requira, nun período da súa escolarización ou ao longo de toda ela, determinados apoios e atencións educativas. Neste caso os apoios poden ser:

- **Dentro da aula ordinaria:** Neste sistema o profesor de apoio traballa o currículo, dentro do aula ordinaria, co alumno con necesidades educativas.
- **Fóra da aula ordinaria:** En determinadas áreas ou actividades (principalmente as instrumentais) o alumno ou grupo de alumnos/as con necesidades educativas específicas sae do seu grupo-aula para ser atendido polo profesorado de apoio.

5. **Atención especializada por parte do profesorado de apoio na aula específica** coa participación en todas actividades que sexa posible co grupo de referencia.

6. **Escolarización combinada** entre a aula ordinaria e a aula específica.

ORGANIZACIÓN DOS APOIOS

- A valoración da orientadora **do centro sempre debe preceder á intervención do profesorado de Pedagogía Terapéutica e Audición e Linguaxe.**
- O alumnado cun desfase curricular notable que comece a presentar serias dificultades para a aprendizaxe, poderá recibir **apoyo estable de PT e/ou AL.**
- **Os apoios se dirixirán fundamentalmente á adquisición das aprendizaxes instrumentais de Lingua e Matemáticas.** Naqueles casos que o desfase curricular sexa significativo e, polo tanto, exista unha adaptación curricular traballarase en conformidade á mesma.
- **Os apoios se impartirán, sempre que sexa posible, durante as áreas Instrumentais e/ou Coñecemento do Medio, e non en Lingua Estranxeira, E. Física, Plástica e/ou Música.**
- **Terase en conta, sempre que sexa posible, os momentos do horario na aula ordinaria na que se imparte a materia obxecto de dificultade.**
- **As familias** do alumnado susceptible de reforzo **serán informadas** das medidas que se van adoptar e dos obxectivos que se pretenden acadar.
- **O apoio se dará preferentemente dentro da aula ordinaria.** Só se producirán intervencións directas especializadas cando:
 - A resposta educativa que precise o alumno/a con neae non poda resolverse con fórmulas máis normalizadas.
 - O alumnado teña que recibir atención específica por parte da especialista de Audición e Linguaxe. Serán sesións curtas preferiblemente de media hora.
 - O alumnado de distintas aulas con similares dificultades estea agrupado nunha mesma sesión.
 - O alumnado descoñeza as linguas da comunidade.
 - O alumnado non teña adquirido ou non domine as técnicas instrumentais básicas, dependendo do nivel no que se atope. Este apoio se levará a cabo coa especialista de PT en primeiro lugar e coa especialista de A L, se fose posible, por necesidades horarias.
 - Os apoios fóra da aula nunca excederán no tempo a terceira parte da xornada lectiva.
 - Asegurarase que o alumnado escolarizado en modalidade de aula específica e/ou combinada participe en todas as actividades da aula ordinaria que sexa posible e, especialmente, en materias como: Música, Educación Física, Plástica, etc.
 - En xeral, o alumnado que reciba apoio de PT ou AL non terá máis reforzos fóra da aula para non incidir negativamente na súa integración na aula ordinaria.
 - Introduciranse as medidas correctoras que se consideren oportunas, sempre que o progreso non sexa positivo.
 - Informarase ás familias, cando menos trimestralmente, do grao de consecución dos obxectivos programados.

- Establecerase unha boa coordinación entre todos os profesionais implicados na interacción co alumno/a concreto que presenta necesidades educativas.
- Punto importante a tratar nesas primeiras reunións entre profesionais é o establecemento de criterios comúns de intervención e a “distribución” de tarefas e competencias para un plan de intervención coherente, tendo en conta as necesidades.
- Nos casos en que, por propia decisión das nais, pais e titores e titoras legais e/ou derivación do departamento de orientación, o alumnado estea sendo atendido por profesionais externos ao centro, estableceranse os contactos de comunicación coa finalidade de fixar estratexias de actuación conxuntas que redunden na mellora da resposta educativa do alumnado.

PROPOSTA DE ORGANIZACIÓN DE APOIOS:

- Dar prioridade ao alumnado con necesidades educativas especiais, trastornos graves de conduta e altas capacidades.
- Dar prioridade ao alumnado con Adaptacións Curriculares.
- Prestar atención ao alumnado con necesidades específicas de apoio educativo que presenten dificultades de aprendizaxe ou alteracións da linguaxe oral que requiran apoio especializado, dando prioridade ao alumnado de primeiros niveis.
- Os apoios preferentemente faranse nas aulas ordinarias. A distribución horaria será viable segundo a evolución do alumnado e a dinámica do centro.
- A organización dos apoios deberá ser aberta, flexible e suxeita a modificacións ao longo do curso.
- O alumnado suxeito de reforzo educativo e que non puidese ou non se considerase necesario o apoio especializado recibirán este apoio por parte do profesorado do nivel, ciclo ou nivel máis afín. Este reforzo pode ser:
 - Feito polo profesorado titor dentro da aula ordinaria coa aportación da orientadora e/ou do profesorado de apoio do material necesario, cando se considere oportuno. Introduciranse as modificacións metodolóxicas precisas: equipos de traballo en pequenos grupos, alumnado titor etc
 - Apoio dentro da aula por parte dun profesor/a dun nivel afín ao alumnado de reforzo educativo nas áreas e horas segundo dispoñibilidade horaria. Tratarase de que coincidan con área instrumentais.
 - Docencia compartida: impartir clase de forma conxunta sen desdobrar o grupo ou separar ao alumnado con dificultades (traballo por proxectos, metodoloxías contextualizada)

MECANISMOS DE COORDINACIÓN INTERNOS

Mecanismos **internos**:

- Reunións dos órganos de goberno.
- Reunións dos órganos colexiados.
- Reunións do Departamento de Orientación.
- Reunións da Comisión Pedagóxica.
- Reunións dos Equipos Docentes.
- Reunións entre o profesorado dos distintos niveis.
- Reunións entre o profesionais que atenden os ACNEAE.
- Reunións entre o profesorado titor e a orientadora

Utilizaranse as tecnoloxías de información e comunicación para facilitar as comunicacións entre o equipo docente do alumno/a.

CANLES DE COLABORACIÓN COAS FAMILIAS E COS SERVIZOS EXTERNOS

Familias:

Procurarase que as reunións estean reguladas polo centro. Será necesaria citación previa, agás excepcións. É importante incidir nos logros obtidos, sen esquecer aqueles aspectos nos que se debe traballar máis. O titor coordinará a información que lle é transmitida polo profesorado de área e de apoio, co fin de non dar informacións contraditorias.

- Reunións iniciais.
- Hora semanal de atención ás familias.
- Axendas escolares.
- Información trimestral.
- Entrevistas periódicas.
- Protocolos para o intercambio de comunicación (faltas de asistencia, incidencias...).
- Compromiso de traballo.
-

Servizos externos:

- Contacto periódico cos Servizos Sociais do Concello.
- Colaboración con Inspección.
- Colaboración co EOE.
- Colaboración nas demandas do Servizo de Asesoría de Orientación da Consellería.
- Colaboración coas asociacións que traballan co alumnado con nee.
- Coordinación co IES.
- Colaboración cos Servizos sanitarios.
- Colaboración co Servizo de Menores.

SEGUIMIENTO E AVALIACIÓN

A avaliación efectuarase a dous niveis:

Avaliación dos resultados obtidos polo alumnado:

- A avaliación debe cumprir as seguintes características:
- Mellorar a calidade das aprendizaxes, evitar todo carácter represivo, ubicar ao alumno nun nivel curricular que lle permita ter éxito.
- Debe ser permanente, continua e formativa, facilitando unha constante retroalimentación da aprendizaxe.
- Debe ser obxectiva, criterial e sistemática.
- Debe considerar o erro como fonte de novos aprendizaxes.
- Debe ser participativa e fomentar as técnicas de autoavaliación.
- En canto ao proceso de avaliación seguiranse, a nivel xeral, os seguintes pasos.
- Ao inicio do curso o profesorado titor revisará os expedientes do alumnado para ter en conta posibles neae xa detectadas (Secretaría e orientación).
- Realizarase nos primeiros días a avaliación inicial coa finalidade de tomar as medidas educativas oportunas segundo os datos obtidos. Estas medidas quedarán reflectidas na programación de aula (materiais de traballo adaptados, flexibilidade metodolóxica e organizativa etc.).
- Diversificaranse os procedementos de avaliación, así como os tipos de probas, técnicas e instrumentos.
- A avaliación será entendida como un proceso. Debe ser continua, flexible, formativa, sistemática e criterial.
- En 1º, 3º e 5º, o Departamento de orientación realizará probas colectivas coa finalidade de prever posibles dificultades de aprendizaxe e de mellorar a atención á diversidade.
- Cando un alumno por razóns médicas, familiares ou doutra índole, non acuda ao centro ou non poida participar das actividades dunha materia nun período prolongado dun xeito xustificable, a xunta de avaliación valorará que decisión tomar sobre a súa cualificación,

podendo mesmo deixar sen avaliar ao alumno ou alumna se se considera que os datos para unha correcta avaliación son claramente insuficientes.

- En todo caso a xunta de avaliación informará aos pais e á inspección educativa da decisión tomada e das razóns que levaron á mesma.
- Este mesmo criterio se poderá aplicar ao alumnado que chegue trasladado ao centro co curso comezado e non curse unha avaliación completa no intre da súa incorporación

Avaliación do plan propiamente dito:

- A revisión do plan realizarase a principios de curso, atendendo ás conclusións recollidas e obtidas na avaliación do curso pasado e ás circunstancias existentes nese momento.
- Ao longo do curso, o equipo directivo e o departamento de orientación irán facendo un seguimento do desenvolvemento do plan e da programación para introducir os axustes necesarios.
 - Análise e valoración nas reunións de ciclo quincenais coa orientadora.
 - Seguimento a través das reunións do departamento de orientación.
 - Posta en común na Comisión de Coordinación Pedagóxica.
 - Elevación de conclusións e posibles modificacións ao Claustro para o seu coñecemento.
 - Inclusión das valoracións na Memoria de Final de Curso, que, á súa vez, servirá de base para a Programación Xeral Anual do curso seguinte.
- Se as condicións do Centro se viran alteradas por calquera motivo durante o período escolar, procederáse a realizar as modificacións oportunas.
- Ao final de cada curso, analizarase a adecuación deste á realidade do centro, e deseñaranse as modificacións pertinentes en canto a alumnado e recursos humanos e materiais previstos para o curso seguinte.
- **Os instrumentos** para a recollida de datos serán: intercambios orais, escalas e cuestionarios e entrevistas, entre outros. Estes serán aplicados ás persoas implicadas no seu deseño e/ou desenvolvemento (titores/as, profesorado), como os seus destinatarios (alumnado, pais).
- **Os criterios** de avaliación para determinar a calidade do plan e programación da atención á diversidade son:
 - Adecuación ás necesidades reais do centro.
 - Logros acadados no referente aos obxectivos previstos.
 - Nivel de colaboración e participación dos distintos estamentos da comunidade educativa.
 - Nivel de colaboración e participación dos servizos externos ao centro.
 - Grao de implicación dos responsables no seu desenvolvemento.
- Con estes datos, ao final de cada curso, o Departamento de Orientación elaborará a correspondente memoria do PXAD establecendo, de ser o caso, as pertinentes propostas de mellora. Esta memoria incorporárase á memoria do Departamento de Orientación e, en consecuencia, á Memoria Anual do centro.

PROPOSTAS DE MELLORA

- **Dotar de periodicidade ás reunións da orientadora cos titores de todos os niveis.** En ocasións, a falta de tempos a nivel de centro ten como consecuencia que estas non se realicen. Debemos recordar que a actuación inconexa e illada de profesorado titor e especialistas non cubre a finalidade educativa que as medidas de atención á diversidade perseguen.
- Seguir a traballar no protocolo de detección temperá, así como nos mecanismos de detección (Probas colectivas en 1º, 3º e 5º).
- **Revisar os documentos de centro** en consonancia coas instrucións dadas polo inspector de zona.

- Fomentar modelos e metodoloxías inclusivas como medio para dar cabida á atención individual do alumnado que presenta neae dentro das clases tan numerosas.
- Manter os criterios de atención que prioricen o alumnado que debe ser atendido polo profesorado de apoio de AL. e PT.
- Fomentar os apoios dentro da aula co mestre de apoio concibido como apoio auxiliar ao profesorado titor. Neste modelo o traballo do mestre de apoio céntrase en propiciar as estratexias e adaptacións necesarias para que todo os alumnos participen na aula traballando o mesmo currículo que os seus compañeiros.
- Difundir as medidas tomadas nas Adaptacións Curriculares Non Significativas (ACNS) do alumnado con Trastorno por Déficit de Atención e Hiperactividade (TDAH) e Dificultades Específicas de Aprendizaxe (DEA).
- Dar continuidade aos programas de enriquecemento para o desenvolvemento do talento para toda a escola, facendo uso dos recursos propios do centro e daqueles outros que aproveitan alianzas co contorno.
- Substituír os boletíns trimestrais ás familias por titorías periódicas, co obxectivo de que a comunicación entre o profesorado de apoio e as familias sexa máis efectiva.
- Deixar tempos nas Comisións Pedagóxicas para o proceso de seguimento, avaliación e mellora do PXAD.
- Realizar unha serie de charlas enfocadas ao alumnado e ás familias sobre aspectos básicos: sensibilización ante o acoso escolar, diversidade funcional, sexualidade etc.
- Realizar un programa de habilidades sociais e emocionais, que recolla e dea sistematizade ás actividades realizadas neste área.

**PLAN ANUAL DO DEPARTAMENTO
DE ORIENTACIÓN.
PLANIFICACIÓN XERAL E
DEFINICIÓN DE ACCIÓNS
PRIORITARIAS.
CURSO 2017-2018**

INTRODUCCIÓN

O presente **plan de actuación do Departamento de Orientación** para o curso 2017-2018 trata de establecer a **liña de traballo** a seguir no noso centro en materia de Orientación Educativa durante o **presente curso**.

A orientación educativa supón a posta en marcha por parte do centro dun conxunto de actuacións encamiñadas a asegurar a **educación integral do alumnado**, así como o máximo axuste posible ás características e necesidades de cada alumno/a.

Neste sentido, entendemos a orientación como un **proceso continuo e sistemático, inherente á propia educación e dirixido a toda a comunidade educativa**.

Poñerase especial énfase na **prevención** das dificultades e na posta en práctica de **mecanismos de reforzo que** promovan aqueles aspectos máis personalizadores da educación e se adecúen ás características de cada caso.

Partimos dunha **perspectiva colaborativa** na que as solucións a determinadas dificultades búscanse conxuntamente entre o especialista e o profesorado realizando aportacións desde perspectivas diferentes e complementarias.

Entendese a orientación educativa como unha **arefa de toda a comunidade educativa**, aínda que con funcións e responsabilidades diferentes.

O **carácter das intervencións** sobre o alumnado é **indirecto**, si ben nas **ocasións que resulta oportuno**, o tipo de intervención é **directa**.

COMPOSICIÓN DO DEPARTAMENTO DE ORIENTACIÓN

A **composición do departamento** de orientación queda establecida no artigo 4 do Decreto 120/1998 do 23 de abril, polo que se regula a orientación educativa e profesional na Comunidade Autónoma de Galicia. É a seguinte:

Profesorado de Pedagogía Terapéutica	Álvarez Lana, Manuela Álvarez Silva, Ana M ^a Gómez Fernández, Diana López Fernández, Rubén Puente Murias, Elisa
Profesorado de Audición e Linguaxe	Breijo Calvo, Gemma Gayoso Ríos, Marta
Responsables da coordinación	Ensino Infantil: Maceda Gallego, Noelia 1º e 2º de EP: Varela Gómez, Rosa 3º e 4º de EP: Rodríguez Centrón, Modesto 5º e 6º de EP: López López, Patricia
Xefa do Departamento de Orientación	Longo González, Natalia

- Dous profesores de Pedagogía Terapéutica (PT) encárganse prioritariamente das dúas aulas específicas para alumnado con Trastorno do Espectro Autista (TEA) e para alumnado con Discapacidade Motórica coas que contamos no centro.
- As dúas profesoras de Audición e Linguaxe (AL) teñen o horario a tempo completo no centro, encargándose en conxunto da atención ao alumnado con necesidades educativas especiais (ACNEE) e do alumnado de escolarización combinada, así como da atención ao alumnado con necesidades específicas de apoio educativo (ACNEAE) que así o precisa.
- O resto do profesorado de PT encárgase da atención ao grupo de enriquecemento curricular ao que asiste alumnado de altas capacidades, ao alumnado con ACNEE e adaptacións curriculares significativas e coa atención ao alumnado con necesidades específicas de apoio

educativo que precisa de reforzo educativo. Ademais completan o horario coa atención en determinadas horas nas aulas específicas.

- Salientar que valoramos o esforzo realizado pola Administración na dotación de recursos humanos, para dar unha resposta, inclusiva e de calidade, ás necesidades educativas especiais existentes no centro. Consideramos esta dotación de absoluta importancia para dar unha resposta axeitada ás mesmas.
- Natalia Longo González coordina o departamento de orientación e realiza as funcións propias da xefatura do mesmo.
- Outros recursos humanos existentes son:
 - Dúas coidadoras (ATEs) que traballan no centro a tempo completo.
 - Profesorado con dispoñibilidade horaria para atender ás necesidades de apoio do noso alumnado.

Ademais o Departamento de Orientación mantén unha dobre coordinación:

- Interna: Equipo Directivo, Xefatura de Estudos, Equipos Docentes, Titores.
- Externa: IES “Lauro Olmo” (ao que está adscrito o alumnado do centro), Inspección Educativa, Equipo de Orientación Específico, Familias, Gabinetes privados, Unidade de Saúde Mental Infanto-Xuvenil, Unidade de Atención Temperá, Unidade de Pediatría (Servizos do SERGAS), Servizos Sociais do Concello, Menores, etc.

HORARIOS

Horario da xefatura do departamento de orientación

Tendo en conta a diversidade de actuacións e de ámbitos a atender, é preciso facer constar que este horario ten un carácter flexible e aberto. Polo tanto preséntase a modo orientativo unha concreción.

10:00-11:00	ATENCIÓN FAMILIAS	ORIENTACIÓN	COORD. E. DIRECTIVO	ATENCIÓN FAMILIAS	L
11:00-12:05	ORIENTACIÓN	ORIENTACIÓN	ORIENTACIÓN	ORIENTACIÓN	ORIENTACIÓN
12:05-12:35	ATENCIÓN ALUMNADO	RECREO	ATENCIÓN ALUMNADO	ATENCIÓN ALUMNADO	ATENCIÓN ALUMNADO
12:35-13:30	ORIENTACIÓN	ORIENTACIÓN	ORIENTACIÓN	ORIENTACIÓN	ORIENTACIÓN
13:30-14:30	REUNIÓN DO/CCP	REUNIÓN PROFESORADO DE APOIO E ORIENTADORA	REUNIÓN CCLOS		
15:30-16:15	ORIENTACIÓN	ORIENTACIÓN	ORIENTACIÓN	COORDINACIÓN ATE	ORIENTACIÓN
16:15-17:00	ORIENTACIÓN	ATENCIÓN FAMILIAS	ATENCIÓN FAMILIAS	ORIENTACIÓN	ATENCIÓN FAMILIAS

A atención ao profesorado, as avaliacións psicopedagóxicas e o resto de tarefas da Xefatura do Departamento de Orientación realízase dentro das horas marcadas como orientación.

O horario do profesorado especialista de Pedagogía Terapéutica e Audición e Linguaxe non se inclúe posto que é nominal. Está suxeito a modificacións permanentes en función das novas necesidades específicas de apoio educativo que poidan xurdir.

Os **criterios** seguidos para a organización dos apoios e para a elaboración dos horarios son os que se marcan no Plan Xeral de Atención á Diversidade.

CALENDARIO DE REUNIÓNS. CALENDARIO XERAL

Ciclos	Mércores 13:30-14:30. Periodicidade semanal
Departamento de orientación	3º luns de cada mes, 13:30-14:30, cambiando a data ao martes seguinte cando coincida con días non lectivos
CCP	Luns 13:30-14:30. Periodicidade mensual
Comisións	En función dos compoñentes e contido
Coordinación co equipo directivo	Mércores 1ª hora. Periodicidade semanal
Coordinación co profesorado de apoio	Martes 13:30-14:30. Periodicidade quincenal.
Coordinación co profesorado titor	A demanda
Coordinación ATE	Xoves 15:30-16:15. Periodicidade quincenal

CRONOGRAMA DAS TAREFAS REALIZADAS POLO DEPARTAMENTO

1º TRIMESTRE	DATA	ACTIVIDADES A REALIZAR
	SETEMBRO	<p>Colaboración co equipo directivo na programación xeneral anual do centro educativo (PXA).</p> <p>Organización das medidas de apoio á diversidade.</p> <p>Revisión das listas de alumnos/as que reciben reforzo ou apoio a proposta do Equipo Docente.</p> <p>Elaboración de horarios para ACNEAE.</p> <p>Organización dos apoios: distribución horarios, alumnado e espazos.</p> <p>Reunión do profesorado de apoio e orientadora.</p> <p>Elaboración do plan de traballo de orientación.</p> <p>Revisión Plan de Orientación Académico e Profesional.</p> <p>Revisión do Plan anual de Accións Prioritarias.</p> <p>Revisión do Plan Xeral de Atención á Diversidade (PXAD).</p> <p>Reunións coas familias do alumnado de novo ingreso.</p> <p>Asesoramento e tramitación das becas do MEC para ACNEAE.</p> <p>Colaboración no proceso de avaliación inicial do alumnado.</p> <p>Colaboración na acollida do novo alumnado.</p>
	OUTUBRO	<p>Constitución do Departamento de Orientación, curso 2017-2018.</p> <p>Presentación e aprobación do Plan de Accións Prioritarias no claustro e noutras estruturas de coordinación pedagóxica.</p> <p>Reunión do profesorado de apoio e orientadora.</p> <p>Organización das reunións co profesorado titor e de apoio.</p> <p>Colaboración cos titores na organización e planificación das reunións coas familias.</p> <p>Traspaso da información do ACNEAE aos Equipos docentes.</p> <p>Seguimento e revisión do alumnado proposto para AC neste curso.</p> <p>Encontros coas familias do alumnado que está a recibir unha resposta adaptada reforzo, apoio, adaptación curricular...</p> <p>Realización das probas estandarizadas en 1º, 3º e 5º.</p>
	NOVEMBRO	<p>Colaboración para prevención e detección precoz de dificultades de aprendizaxe.</p> <p>Información sobre a avaliación psicopedagóxica. Follas de demanda.</p> <p>Organización e seguimento dos programas de intervención.</p> <p>Asesoramento na revisión do Plan de Acción Titorial (PAT).</p> <p>Reunións persoais con titores para análise dos seus cursos, presentación de propostas para o curso e control da acción titorial.</p> <p>Información sobre os posibles programas que desexan traballar os titores.</p> <p>Elaboración dos documentos de AC.</p> <p>Cubrir o Documento de Recollida de Datos (DRD)</p>

	DECEMBRO	Corrección dos resultados das probas estandarizadas colectivas. Colaboración na preparación das sesións de avaliación trimestral: preavaliación, Información sobre ACs e RE. Seguimento do Plan de acción anual. Seguimento das medidas de atención á diversidade adoptadas e dos resultados das mesmas. Colaboración na elaboración de informes trimestrais do ACNEAE.
2º TRIMESTRE	XANEIRO	Análise dos resultados da primeira avaliación e propostas de medidas de mellora. Reestruturar as medidas de atención á diversidade en función dos novos casos. Coordinar o plan de traballo para o segundo trimestre, realizando posibles modificacións. Revisión psicopedagóxica do alumnado con necesidades educativas especiais ao finalizar a educación primaria.
	FEBREIRO	Seguimento do plan de orientación. Revisión do alumnado con necesidades específicas de apoio educativo que finaliza a educación infantil.
	MARZO	Solicitude de flexibilización ou anticipación do período escolar do alumnado con necesidades específicas de apoio educativo. Ditames de alumnado con proposta de cambio de modalidade educativa. Preparación das sesións de avaliación. Orientación ás familias e ao alumnado que finaliza a etapa de educación primaria. Participación en AVALDIA.
3º TRIMESTRE	ABRIL	Resultados das medidas para atender á diversidade do alumnado na aula ordinaria. Avaliación do traballo realizado durante o segundo trimestre. Reestruturación das medidas de atención á diversidade en función dos resultados obtidos na segunda avaliación. Coordinar o plan de traballo para o terceiro trimestre, realizando posibles modificacións.
	MAIO	Preparación das sesións de avaliación. Colaboración cos titores na toma de decisión sobre a promoción de curso do alumnado. Definición dos criterios de promoción (mínimos). Colaboración para favorecer a transición do alumnado de educación primaria a secundaria. Fichas que debe cumprimentar o titor para alumnado que pasa a ESO. Reunión coa xefatura de estudos do IES "Lauro Olmo". Organización do traspaso de información do ACNEAE por cambio de etapa ou centro. Preparación dos informes finais do ACNEAE que pasa a ESO.
	XUÑO	Reunións coas familias de alumnado de novo ingreso. Seguimento psicopedagóxico do ACNEAE. Cubrir a estatística de atención á diversidade (Dradi), de orientación (DRDorienta) e de réxime especial (drdespe). Avaliación do traballo realizado durante o terceiro trimestre. Elaboración da Memoria final sobre o traballo do Departamento de Orientación. Presentación ao equipo directivo das propostas de mellora para o vindeiro curso. Revisión, orden e limpeza de materiais, recursos, arquivos, informes, rexistros e ordenador. Solicitudes do material didáctico para ACNEAE.
DURANTE TODO O CURSO		
<ul style="list-style-type: none"> • Dirección, coordinación e mellora permanente do traballo do departamento. • Participación nos claustros e noutras estruturas de coordinación pedagóxica. • Preparación, desenvolvemento, seguimento e axuste permanente do programado a novas necesidades e demandas. • Atención ás demandas puntuais do alumnado, profesorado (e órganos do centro) e familias. • Atención a casos de alumnos específicos (convivencia, abandono, absentismo, demandas do profesorado ou das familias, colaboración con servizos sociais ou centros de saúde...). • Colaboración para a intervención en problemas de conduta. 		

- Canalización das demandas de avaliacións psicopedagóxica que poidan xurdir.
- Asesoramento e colaboración no desenvolvemento de programas de mellora.
- Coordinación co equipo de apoio
- Elaboración de materiais psicopedagóxicos e enriquecemento dos recursos do departamento.
- Organización dun banco de recursos.
- Coordinación co equipo directivo.
- Colaboración co centro e co seu plan anual de actividades.
- Contacto e coordinación cos servizos externos ao centro.
- Asesoramento para a colaboración familia-escola. Charlas coas familias.
- Revisión dos documentos do centro, engadindo novas aportacións..

ÁMBITOS DE ACTUACIÓN

Ámbitos de actuación	Niveis	Obxectivos, actuación e responsables para cada nivel
Asesoramento á institución	Centro Alumnado Profesorado Familias Servizos e institucións externas ao centro	<ul style="list-style-type: none"> • Os obxectivos que se pretenden conseguir. • As actuacións que se pretenden levar a cabo. • Os responsables de cada actuación.
O apoio ao proceso de ensino – aprendizaxe		
O asesoramento e orientación académica e profesional		
Apoio á colaboración familia-escola		
Colaboración con outros servizos e institucións		

DEFINICIÓN DE OBXECTIVOS PRIORITARIOS DO DEPARTAMENTO

(Para ver a totalidade dos obxectivos remitimos ao Plan de Orientación Académica e Profesional do centro)

ÁMBITOS DE TRABAJO		RESPONSABLES
ASESORAMENTO Á INSTITUCIÓN		
Colaborar co equipo directivo na elaboración da programación xeral anual do centro		Equipo directivo; XDO
Colaborar na elaboración/revisión dos distintos documentos pertencentes ao PEC, así como na memoria de final de curso do centro		Equipo directivo; Claustro; DO; XDO; Inspección
Revisar o NOF e o Plan de Acción Titorial		XDO; DO; CCPP; Equipos docentes
Contribuír a deseñar actuacións que teñan como eixe o plan de acción titorial		XDO; Equipos docentes; Claustro
Revisar o Plan de acollida		DO; CCPP; Claustro
Completar os anexos do Plan de Convivencia		DO; CCPP; Claustro
Contribuír a deseñar actuacións que fomenten a convivencia escolar		XDO; Equipos docentes; Claustro
Asesorar na realización do protocolo do alumnado con enfermidade crónica		DO; CCP; Equipo directivo
Asesorar na posta en marcha das medidas de atención a diversidade		Equipo directivo; XDO
Revisar e aprobar as listas de alumnado susceptible de apoio		Equipo directivo; XDO
Realización de charlas co alumnado (acoso, sexualidade etc)		DO; CCP; Equipo directivo
APOIO AO PROCESO DE ENSINO - APRENDIZAXE		RESPONSABLES
Contribuír a deseñar medidas para a detección temperá das necesidades.		XDO; DO; CCPP
Realizar un labor preventivo e de detección precoz daquel alumnado que comece		Titor/a; XDO; DO

	a presentar algún tipo de dificultade de aprendizaxe.	
	Mellorar o seguimento e atención individual do alumnado en situación de risco ao longo do curso.	XDO
	Contribuír a prever as dificultades de aprendizaxe e a deseñar os mecanismos de reforzo.	XDO; DO; CCpp
	Establecer unha serie de medidas coordinadas que permitan corraxir eficazmente as posibles deficiencias.	XDO; DO; CCpp
	Realizar a avaliación psicopedagóxica.	XDO; EOE
	Facilitar o labor do profesorado titor no desenvolvemento do PAT, proporcionando recursos.	XDO
	Implicar ao profesorado na acción titorial compartida no seguimento e apoio do proceso de aprendizaxe de cada alumno.	XDO; Equipo directivo
	Colaborar co conxunto do profesorado na posta en marcha e seguimento das medidas de atención educativa.	XDO; Profesorado titor e de apoio
	Informar ás familias de alumnado con dificultades de aprendizaxe das medidas que se están a aplicar e do seu resultado.	Titor/a; Profesorado de apoio; XDO
ASESORAMENTO E ORIENTACIÓN ACADÉMICA E PROFESIONAL		RESPONSABLES
	Implicar ao Centro na coordinación de accións que favorezan a adaptación do novo alumnado e o tránsito do mesmo entre etapas educativas, especialmente cando implique o cambio de centro educativo.	Equipos docentes; XDO
	Deseñar accións que fomenten a coordinación entre o centro e o Instituto.	XDO, Centro, IES
	Contribuír ao desenvolvemento de actividades encamiñadas a que o alumnado adquira unhas capacidades que lle permitan saber tomar decisións, así como coñecerse e valorarse de forma axustada as súas propias capacidades, motivacións e intereses.	Profesorado; DO
	Establecer as medidas que permitan asesorar, informar e orientar ao alumnado e ás familias nos momentos decisivos da historia escolar do alumnado: inicio da escolarización, períodos de transición.	XDO
	Ofertar información sobre o itinerario escolar ao remate da Educación Primaria.	XDO
	Posibilitar que o alumnado adquira un coñecemento do mundo do traballo, das ocupacións e os procesos que favorecen a transición á vida activa, á inserción laboral e á formación ao longo da vida.	Profesorado
APOIO Á COLABORACIÓN FAMILIA-ESCOLA		RESPONSABLES
	Favorecer a colaboración das familias co centro e a súa implicación nas tarefas educativas.	XDO; Equipo directivo; Familias
COLABORACIÓN CON OUTROS SERVIZOS E INSTITUCIÓNS		RESPONSABLES
	Contribuír ao fomento das relacións con aqueles servizos e institucións que prestan atención socio educativa e sanitaria ao noso alumnado no marco dunha intervención multiprofesional.	XDO; Servizos externos

DEFINICIÓN DE ACCIÓNS PRIORITARIAS DO DEPARTAMENTO

ASESORAMENTO Á INSTITUCIÓN		RESPONSABLES
	Colaborar na elaboración/revisión dos distintos documentos pertencentes ao PEC, así como na memoria de final de curso do centro	Equipo directivo; CCpp; DO; XDO
	Asesoramento na aprobación do Plan de Convivencia e na constitución da Comisión de Convivencia.	Equipo Directivo; XDO
	Asesoramento e axuda na revisión de documentos do centro: Normativa de Organización e Funcionamento (NOF), Plan de Acción Titorial	Equipo Directivo; XDO; DO; CCP

Completar o Plan de Convivencia cos anexos: programa de habilidades sociais, de educación emocional	Equipo directivo;CCP; DO; XDO
Revisar o PAT e o Plan de acollida de xeito que se planifiquen e ordenen sistematicamente as tarefas a realizar durante o curso	Equipo directivo; CCPP; DO; XDO
Elaborar a memoria final do Plan xeral de atención á diversidade	DO
Realizar o protocolo para a atención ao alumnado con enfermidade crónica e asesorar sobre a súa posta en práctica	DO; CCPP; Equipo directivo
Sistematizar e dotar de periodicidade ás reunións entre a orientadora e profesorado titor que ten alumnado de apoio	Equipo docente; XDO
Colaborar na temporalización e na elección de temas das charlas ás familias.	Equipo directivo; XDO
APOIO AO PROCESO DE ENSINO - APRENDIZAXE	RESPONSABLES
Organizar os espazos e instalacións para a orientación	Equipo directivo; XDO
Realizar o seguimento individual do alumnado coa intención de prever a aparición de dificultades de aprendizaxe e poñer en marcha as medidas de apoio necesarias.	Prof. Titor; XDO
Realizar unha avaliación inicial en todos os cursos para detectar as dificultades de aprendizaxe desde o inicio	Equipo docente; XDO
Asesorar e apoiar ao profesorado sobre actividades de acollida para o alumnado de nova incorporación	Profesorado titor; XDO
Recoller información sobre o alumnado de novo ingreso	Equipo docente; XDO; Secretaría
Propoñer actividades encamiñadas á integración e cohesión grupal, con atención prioritaria ao alumnado do novo ingreso	XDO; DO; CCP
Realizar avaliacións semestrais nas clases que se estime oportuno para valorar o clima da clase e analízalo nas reunións de ciclo, nas sesións de avaliación ou de Comisión Pedagóxica	XDO, CCP, Equipos docentes
Asesoramento na posta en marcha da Aula inclusiva de Convivencia	XDO, Equipo Directivo
Realizar as entrevistas ás familias de novo ingreso para detectar posibles dificultades	XD; Profesorado titor
Realizar as probas colectivas en 1º, 3º e 5º	XDO; Profesorado titor
Actualizar as avaliacións psicopedagóxicas de todo o alumnado que teña apoio dos especialistas de PT e AL	XDO; Familia e profesorado; Servizos externos (EOE...)
Realizar a avaliación psicopedagóxica de novos casos detectados	XDO; Servizos externos
Recompilar toda a información da que dispón o centro con respecto á situación persoal, social, académica... do alumnado a avaliar	XDO
Poñer en marcha e seguimento das medidas de atención educativa	XDO; Profesorado
Organizar os apoios ao ACNEAE e elaborar os horarios do profesorado de apoio	XE; XDO; Profesorado de apoio
Participar nas sesións de avaliación trimestrais	XDO; Equipo docente
Recollida en acta da información das sesións trimestrais de avaliación, así como da análise dos resultados das avaliacións e das medidas de mellora	XDO; Equipo docente
Establecer unha serie de medidas coordinadas que permitan atender á diversidade do alumnado na aula ordinaria: adaptacións curriculares, adaptacións curriculares non significativas, programas de reforzo...	XE; XDO; DO; CCPP
Elaborar criterios avaliación alumnado TDAH, DEA	DO; CCPP
Realizar o seguimento do alumnado en risco de non promoción	Titor/a; XDO
Realizar un especial seguimento do alumnado repetidor e daquel outro que promocionou con materias non superadas (Plan de recuperación)	Titor/a; XDO

Elaborar as adaptacións curriculares que sexan necesarias para os alumnos que presenten unha dificultade de aprendizaxe que lle impida seguir o normal desenvolvemento do seu grupo clase	Equipo docente; XDO
Plasmar por escrito nun documento para tal efecto as adaptacións curriculares non significativas do alumnado con necesidades (TDAH, TEA, Dificultades Específicas de Aprendizaxe etc).	Equipo docente; XDO
Informar ás familias de alumnado con dificultades de aprendizaxe das medidas que se están a aplicar e do seu resultado.	Titor/a; Profesorado de apoio; Familias; XDO
Elaborar trimestralmente informes de avaliación para as familias do alumnado que presenta maiores dificultades de aprendizaxe	Prof. de apoio; Prof. Titor; XDO
Recompilar actividades para a acción titorial no Blog de orientación	XDO; DO
Facilitar ao profesorado titor os recursos e materiais que estes requiran para a realización de actividades que se acordaran dentro da titoría.	XDO
ASESORAMENTO E ORIENTACIÓN ACADÉMICA E PROFESIONAL	RESPONSABLES
Recoller as propostas do profesorado titor para a elaboración do Plan de Orientación Académica e Profesional.	XDO
Proporcionar información as familias e ao alumnado relativa aos estudos	XDO; Profesorado titor
Incluír nas programacións actividades que lle permitan ao alumnado coñecer as súas capacidades, expectativas e intereses relacionadas co coñecemento do mundo laboral.	XDO; Profesorado titor
Organizar visitas ao instituto para que o alumnado coñeza o instituto.	XDO; Profesorado titor
Manter unha estreita coordinación co titor/a a do curso de 6º EP para tratar de detectar o alumnado que presumiblemente presentará dificultades no cambio de etapa	XDO; Equipo Docente; XE; XE do IES
APOIO Á COLABORACIÓN FAMILIA-ESCOLA	RESPONSABLES
Apoiar e asesorar ás familias a través de charlas de información, conferencias, etc obre aspectos básicos da educación dos seus fillos/as	Familias; XDO; Outros
Colaborar coas familias na orientación persoal, académica e profesional dos fillos/as	Familias; XDO; Outros
Aportar cando sexa necesario documentación bibliográfica ou dixital en temas de educación familiar.	Familias; XDO; Outros
COLABORACIÓN CON OUTROS SERVIZOS E INSTITUCIÓNS	RESPONSABLES
Traballar con aqueles servizos e institucións que prestan atención socio educativa e sanitaria ao noso alumnado no marco dunha intervención multiprofesional.	XDO; Servizos externos

AVALIACIÓN

O plan anual do Departamento de Orientación someterase a un proceso continuo de avaliación. Coa información subministrada polos integrantes do Departamento de Orientación, a partir dos datos aportados polo resto do profesorado, valorarase a validez do plan a curto e medio prazo.

Todas estas valoracións recolleranse na memoria anual que, máis que unha descrición exhaustiva das actividades levadas a cabo, será unha síntese reflexiva que permita recoller os logros acadados, as dificultades atopadas e, sobre todo, os aspectos do plan de orientación que será preciso retirar, modificar ou incorporar cara a outros cursos.

O seguimento continuado do plan de orientación terá lugar nas diferentes sesións de coordinación que se celebren ao longo do curso, reflectidas nas correspondentes actas, e que basicamente serán:

- Reunións dos membros do Departamento de Orientación.
- Reunións da Comisión Pedagóxica.

- Reunións co profesorado de Pedagogía Terapéutica e Audición e Linguaxe.
- Sesións de avaliación.

Todas as actividades propostas avaliaranse conforme aos seguintes **parámetros**:

- Axuste do Plan de Orientación ás necesidades reais do centro.
- Grao de cumprimento das actividades programadas e das liñas prioritarias.
- Grao de cumprimento dos acordos establecidos nas diferentes reunións.
- Nivel de participación do profesorado no desenvolvemento do Plan de Orientación.
- Nivel de Integración de actividades e programas na dinámica xeral do centro.
- Coherencia entre a P.X.A e o Plan de Orientación.
- Incidencia na aula e nas familias.
- Coordinación co Equipo Directivo.
- Coordinación coas entidades e servizos externos.
- Adecuación dos recursos humanos e materiais.
- Pertinencia do deseño da avaliación de cara a aportar modificacións significativas ao plano do próximo curso.

Os **instrumentos** que empregaremos para a avaliación do plan atenderán a criterios de variedade e flexibilidade; algúns deles relaciónanse a continuación:

- Observación.
- Entrevistas individuais co profesorado
- Análise da memoria do curso 2015-2016 (necesidades e propostas)
- Reunións da comisión de coordinación pedagóxica sobre as prioridades do plan de orientación
- Intercambio oral nas distintas reunións.
- Táboa de indicadores de avaliación do plan de traballo de orientación, na que se especificará se a actividade foi realizada ou non, o grao de consecución e as observacións que se estimen oportunas (Anexo I)